Países **Filipinas e Francia**
Ano **2008**
Duración **1 h 34 min**

SINOPSE

A familia Pineda –un matriarcado arredor do cal pululan fillos, netos, primos e sobriños– rexenta un vello, barroco, decadente e labiríntico cinema que se dedica ao xénero erótico. Mentres os membros da familia soben e baixan escaleiras nos seus quefaceres cotiáns, viven alleos a todo o que ocorre na sala e os máis que poboados corredores do cinema, nos que a prostitución e os travestís campan como queren. Coa buliciosa Manila como incesante ruído de fondo, o cinema, que tamén é a vivenda da familia, revélase como un microcosmos coas súas propias normas. Especie de neorrealismo á filipina, a aridez e a aparente crueza da acción (que apenas abandona o cinema) non fai máis que aumentar a tenrura que espertan os membros deste sorprendente clan. Quizais non resulte tan irónico que o nome do cinema sexa Family.

Emmanuel Salinger, Thibault de Montalembert, Jean-Louis Richard, Marianne Denicourt, Emmanuelle Devos, Jean-Luc Boutté, Bruno Todeschini, Philippe Duclos, Fabrice Desplechin, Philippe Laudenbach, László Szabó, Mathieu Amalric

LA SENTINELLE [A SENTINELA] [7/8/9]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Arnaud Desplechin**
Guión **Arnaud Desplechin, Pascale Ferran, Noémie Lvovsky e Emmanuel Salinger**
Música **Marc Oliver Sommer**
Fotografía **Olivier Chambon, Caroline Champetier, Julien Hirsch e Arthur La Caisne**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **La Sentinelle**
País **Francia**
Ano **1992**
Duración **139 min**
Xénero **Intriga, drama, espionaxe**

SINOPSE

Mathias, fillo dun diplomático que vivía en Alemaña, decide volver a Francia. No tren atopa un home que o ameaza, o insulta e desaparece. Á mañá seguinte descobre na súa maleta unha cabeza humana xibarizada. Mathias non pensa máis ca na cabeza, intenta resolver o seu misterio e íllase totalmente do mundo...

Ekin Cheng, Kar Yan Lam, Ying Kwan Lok, Kwok Cheung Tsang, Chucky Woo, Andy Hui Chi-On, Eric Tsang

CHAN MAT [CLAUSTROPHOBIA] [24/27]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ivy Ho**
Guión **Ivy Ho**
Produción C**ary Cheng, William Kong e Chung Man Yee**
Música orixinal **Anthony Chue**
Fotografía **Pin Bing Lee**
Montaxe **Chi-Leung Kwong**
Deseño da produción **Chung Man Yee**
Dirección artística **Jessie Dai e Chung Man Yee**

DATOS TÉCNICOS

Xénero **Drama, romance**
Ano **2009**
País **Hong Kong**

SINOPSE

A mellor escritora de televisión de Hong Kong, Ivy Ho (July Rhapsody) debuta como directora en *Claustrophobia*, usando oito escenas e múltiples personaxes para explorar as complicacións e a ironía dun romance nun lugar de traballo e política. Nun pequeno espazo, ateigado e claustrofóbico, como é o dunha oficina, o amor non florece, é incubado e respirado, como se fose un virus.

Jeon Do-yeon (Lee Shin-ae)
Song Kang-ho (Kim Jong-chan)
Seon Jeong-yeob

MIRYANG [SECRET SUNSHINE] [6/7/8]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Lee Chang-dong**
Guión **Lee Chang-dong**; baseado na novela de **Yi Chong-jun**
Produción **Hanna Lee**
Música **Christian Basso**
Fotografía **Cho Yong-kyu**
Montaxe **Kim Hyun**
Deseño da produción **Sihn Jeom-hui**
Vestiario **Cha Sun-young**

DATOS TÉCNICOS

País **Corea do Sur**
Ano **2007**
Duración **142 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Tras o pasamento do seu marido, Shin-ae (Jeon Do-yeon) decide trasladarse de Seúl a Miryang, a pequena cidade natal daquel, e leva consigo o fillo pequeno. Shin-ae pretende con este cambio comezar unha nova vida nun lugar no que poderá pasar desapercibida e poderá regresar profesionalmente á súa gran paixón como profesora de piano. Pero, inesperadamente, cando paseniñamente se ían habituando á nova vida, o fillo de Shin-ae é secuestrado. Shin-ae, desesperada ante os acontecementos e sen saber a quen lle pode pedir axuda, decide agarrarse con forza á única táboa de salvación que semella que se pon ao seu alcance: a relixión.

Takeshi Kitano, Kanako Higuchi, Kumiko Aso, Aya Enjôji, Masatô Ibu, Akira Nakao, Nao Omori, Ren Osugi, Susumu Terajima, Eri Tokunaga, Mariko Tsutsui

ACHILLES TO KAME [AQUILES E A TARTARUGA] [13/14/15/17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Takeshi Kitano**
Produción **Masayuki Mori**
Guión **Takeshi Kitano**
Fotografía **Katsumi Yanagishima**
Música **Yuki Kajiura**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Achilles To Kame**
País **Xapón**
Ano **2008**
Duración **119 min**
Xénero **Comedia**
Formato **Cor**

SINOPSE

En *Aquiles e a tartaruga*, título que fai referencia ao popular paradoxo de Zenón, Kitano interpreta un aspirante a pintor, sen talento pero cunha gran motivación, que sempre conta coa axuda da súa entregada esposa (interpretada por Kanako Higuchi).
Aquiles e a tartaruga é a última entrega da trilogía na que o actor / director Takeshi Kitano se centra na figura do artista. Mentres que as dúas entregas anteriores, *Takeshi's* e *Glory to the Filmmaker* poderían ser descritas como comedias do absurdo nas que se referencia a si mesmo, *Aquiles* é un filme moito máis controlado, cunha historia coherente pero tamén gobernada polo humor valente.

Yang Ik-june, Kim Kkobbi, Lee Hwan, Joung Man-shik

DDONGPARI [BREATHLESS] [27/29/30/1D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Yang Ik-june**
Guión **Yang Ik-june**
Produción **Yang Ik-june**
Fotografía **Jong-Ho Yun**

DATOS TÉCNICOS

País **Corea do Sur**
Ano **2009**
Duración **130 min**
Xénero **Acción, drama**

SINOPSE

Sang-hoon é un gánster de carácter violento por mor dun pasado terrible: de pequeno, o seu pai alcohólico foi o responsable da morte da súa nai e mais da súa irmá. A súa agresividade pode con todos ata que coñece a Han Yeon-heui, unha moza vítima á súa vez da brutalidade do seu pai e mais do seu irmán. Ela non está asustada polas maneiras de Sang-hoon e isto resulta unha situación completamente nova para el. Ábrense as portas a unha nova familia ata que o irmán de Yeon-heui entra na organización de Sang-hoon.
Trátase dunha aclamada produción independente que foi premiada en varios festivais, incluído Rotterdam e Singapore.

Valérie Lemercier, Vincent Lindon, Hélène de Saint-Père, Hélène Fillières, Florence Loiret, Grégoire Colin, Gilles d'Ambra, Micha Lescot

VENDREDI SOIR [VENRES NOITE] [11 / 12 / 13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Claire Denis**
Guión **Emmanuèle Bernheim**
(novela: **Emmanuèle Bernheim**)
Música **Dickon Hinchliffe**
Fotografía **Agnès Godard**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Vendredi Soir**
País **Francia**
Ano **2002**
Duración **90 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Venres pola noite: xa está, Laura empaquetouno todo. Mañá marcha vivir para a casa de François. Pero esta noite sae do piso baleiro, onde xa non se sente na casa, para ir cear con Marie e Bernard. Está paralizada no medio dun descomunal atasco porque –xa non o lembraba– hai unha folga. Pero a Laura dálle igual, esta noite, aquí, no seu coche, é onde se sente realmente na casa. Vai calor, pon música, non lle pode pasar nada. Fóra é inverno. Os peóns semella que teñen présa por volver para a casa, o clamor das bucinas, os nervios e a axitación xeral excepto, un pouco máis aló, un home cunha chaqueta de coiro, inmóbil...

Mathieu Amalric, Thibault de Montalembert, Marianne Denicourt, Emmanuelle Devos, Emmanuelle Salinger, Jeanne Balibar, Michel Vuillermoz, Chiara Mastroianni

COMMENT JE ME SUIS DISPUTÉ... (MA VIE SEXUELLE) [14 / 15 / 16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Arnaud Desplechin**
Guión **Arnaud Desplechin**
e Emmanuel Bourdieu
Música **Krishna Lévy**
Fotografía **Eric Gautier, Stéphane Fontaine**
e Dominique Perrier-Royer

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Comment Je Me Suis Disputé**
(Ma Vie Sexuelle)
País **Francia**
Ano **1996**
Duración **178 min**
Xénero **Comedia dramática, romance**

SINOPSE

Historia de relacións persoais, de conflitos, romances e loita de sexos entre homes e mulleres, cunha cuestión de fondo á que –segundo o seu director–, sempre se retorna: Que coñecemento teño do mundo? Un filme que obtivo excelentes críticas.

Summer Phoenix, Fabrice Desplechin, Ian Holm, Emmanuelle Devos, Kika Markham, Akbar Kurtha, Frances Barber, László Szabó, Hilary Sesta, Claudia Solti

ESTHER KAHN [15/16/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Arnaud Desplechin**
Guión **Arnaud Desplechin e Emmanuelle Bourdieu** (historia: **Arthur Symons**)
Música **Howard Shore**
Fotografía **Eric Gautier**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Esther Kahn**
País **Francia**
Ano **2000**
Duración **142 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

De nena, Esther Kahn (Summer Phoenix) era observadora, calada e estraña á mirada de todos. Agora, de moza, segue sendo igual. Semella que non lle importan as cousas que fan as mozas da súa idade. Semella que non está interesada en nada. Esther Khan provén dunha familia xudía pobre da Inglaterra de finais do século XIX que se mantén grazas a unha fábrica caseira de costura. Na familia todos traballan na fábrica, e ese é o futuro que herdou Esther, e semella que o acepta. Pero este carácter desapaixonado cambia cando na cidade se representa unha obra de teatro. Esther cóase voluntariosamente a través da xente para mercar o boleto de entrada. Alí, no teatro, a súa mirada desinteresada transfórmase nunha mirada ávida. Este suceso cambia a súa vida e comeza a súa busca. Esther decide converterse en actriz e, a través do teatro, aprende da vida.

WOODSTOCK: NOW AND THEN [15/20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Barbara Kopple**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2009**
Duración **89 min**

SINOPSE

Cae un mito e créase outro. Imprescindible escavación en Woodstock, 1969: o que sucedeu de verdade, non o que din os contos hippys. Preitos, desastres e perdas, pero tamén emocionante acción comunitaria e espontánea irmandade. Brillante e sorprendente.

Mathilde Monnier

VERS MATHILDE [20/22/24]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Claire Denis**
Fotografía **Agnès Godard e Hélène Louvart**
Montaxe **Anne Souriau**

DATOS TÉCNICOS

Título internacional **Towards Mathilde**
Título orixinal **Vers Mathilde**
País **Francia**
Ano **2004**
Xénero **Documental**
Duración **84 min**

SINOPSE

Documental sobre Mathilde Monnier, coreógrafa e directora do grupo que dirixe o Centro Coreográfico de Montpellier. O traballo en preparación, o movemento do pensamento de Matilde, o pensamento da danza, do corpo, do grupo, ou sexa, da coreografía.

Sami Bouajila, Jean-Paul Roussillon, Wladimir Yordanoff, László Szabó, Anna Mouglalis, Bakary Sangaré, Hippolyte Girardot, Anne Consigny, Xavier Beja, Pierre Barrat, Gil Demurger, David Frenkel, Philippe Paimblanc, Arnaud Desplechin, Nicolas Saada

LÉO, EN JOUANT «DANS LA COMPAGNIE DES HOMMES» [20/22/24]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Arnaud Desplechin**
Guión **Arnaud Desplechin, Nicolas Saada e Emmanuel Bourdieu** (obra: **Edward Bond**)
Música **Krishna Levy e Paul Weller**
Fotografía **Stéphane Fontaine**
Xénero **Drama**

DATOS TÉCNICOS

Título orixina **Léo, en jouant «Dans la compagnie des hommes»**
País **Francia**
Ano **2003**
Duración **121 min**

SINOPSE

Un director de cinema pretende facer unha adaptación da obra de Edward Bond titulada *Dans la compagnie des hommes*. Con ese propósito, reúne varios actores para facer tests de pantalla e ensaios gravados. A película é sobre homes en grandes negocios, sobre as estrataxemas que empregan para conseguir os obxectivos. O personaxe principal é Leonard, o fillo adoptado dun importante home de negocios que se chama Jurrieu. Pouco habituado a un mundo no que agora se atopa, Leonard é arrastrado a unha disputa entre dous empresarios: o seu pai, que dirixe unha compañía de armamento; e Hammer, o presidente dunha empresa de distribución internacional. Sen querer, Leonard convértese nun peón no pouco escrupuloso xogo de política empresarial de Hammer.

Emmanuelle Devos, Mathieu Amalric, Catherine Deneuve, Maurice Garrel, Nathalie Boutefeu

ROIS ET REINE [23/26/28]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Arnaud Desplechin**
Guión **Arnaud Desplechin e Roger Bohbot**
Fotografía **Éric Gautier**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia e Bélxica**
Duración **150 min**

SINOPSE

Dúas historias inconexas: unha, a culminación de Nora Cotterelle, que está a piques de casar; outra, a decrepitude de Ismaël Vuillard, internado por erro nun hospital psiquiátrico e a punto de saír en peor estado ca cando ingresou. As dúas tramas xúntanse cando Nora lle propón a Ismaël que adopte o seu fillo Elías.

Alex Descas (Lionel), Mati Diop (Joséphine), Grégoire Colin (Noé), Nicole Dogué (Gabrielle)

35 RHUMS [27/29/30/1D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Claire Denis**
Guión **Claire Denis e Jean-Pol Fargeau**
Produción **Bruno Pesery**
Música **Tindersticks**
Fotografía **Agnès Godard**
Montaxe **Guy Lecorne**
Deseño da produción **Benoît Pilot**
Vestiario **Judy Shrewsbury**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Ano **2008**
Duración **100 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Lionel (Alex Descas) é un home de mediana idade, viúvo e de poucas palabras. Traballa como condutor de trens e vive nun modesto edificio de apartamentos de París coa súa filla Joséphine (Mati Diop). Os dous levan unha existencia confortable e feliz baseada na confianza e no cariño mutuo que se profesan. O tempo pasa e os primeiros signos de cambio aparecen na vida do pai e mais da filla. Achégase a idade da xubilación para Lionel mentres que Joséphine está a piques de comezar unha relación sentimental. Gabrielle (Nicole Dogué) vive no mesmo edificio e ve en Lionel o home co que quizais podería pasar o resto da vida. Noé (Grégoire Colin), outro dos veciños, é un mozo inquieto evidentemente atraído por Joséphine. Xuntos forman unha verdadeira familia e comparten o tempo mentres comen nas súas casas ou se reúnen nos bares. Con todo, semella que chegou o momento no que Joséphine iniciará unha nova vida, e con ela todos os demais.

Robert Desplechin, Arnaud Desplechin, Fabrice Desplechin

L'AIMÉE [A AMADA] [27/30]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Arnaud Desplechin**
Guión **Arnaud Desplechin**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **L'aimée**
País **Francia**
Ano **2007**
Duración **70 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

Arnaud Desplechin filma o seu pai durante a mudanza despois de vender a gran casa familiar. É a ocasión perfecta para abrir vellos baúis, gardar vellas fotografías e ler algunhas cartas. O momento adecuado para que un pai lle fale a un fillo da súa nai, Thérèse, que morreu cando o realizador só tiña 18 meses. Esa nai da que non ten ningún recordo, pero que semella que coñece tan ben.

Sónia Bandeira, Fábio Oliveira, Joaquim Carvalho

AQUELE QUERIDO MÊS DE AGOSTO [25/29/30]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Miguel Gomes**
Guión **Miguel Gomes, Mariana Ricardo e Telmo Churro**
Fotografía **Rui Poças**
Montaxe **Telmo Churro e Miguel Gomes**
Produción **Luís Urbano, Sandro Aguilar e Thomas Ordonneau**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Aquele querido mês de agosto**
País **Portugal**
Duración **147 min**
Ano **2008**

SINOPSE

Un verán coma outros, na portuguesa Arganil. Hai procesións relixiosas, mozos que acampan, veciños simpáticos e fogos artificiais que alternan con bandas de música popular e con situacións como a do director dunha película –a que estamos a ver– que ve ameazada a continuidade da rodaxe e os esbozos de conflitos e atraccións entre algúns dos integrantes das bandas. Pero dun xeito imperceptible, a un tempo máxico e mítico, esa aparencia «documental» vaise esvaecendo para deixar asomar a contracara que merece, o seu complemento de espesor «ficcional», e as cancións xa deixan de sucederse no seu carácter festivo para empezar a iluminar un triángulo amoroso melodramático.

A extrema orixinalidade de *Aquele querido mês de agosto* non está só no xeito complexísimo co que Gomes filma o simple e o banal, nin na notable singularidade para facer converxer accións ou diálogos ou personaxes simultáneos nun mesmo plano, senón no modo en que volve indiscernible a fronteira entre o real e o ficcional, así, sen comiñas que os distingan. Unha película única que nos fai pensar en moitas películas e situacións da vida, diferenciándose de todas.

A MIRADA DE ANNA [10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Llorenç Soler e Jorge Algora**
Guión **Llorenç Soler e Jorge Algora**
Produción **Susana Maceiras e Oriol Porta**
Fotografía **Anna Turbau e Manel Armengol**
Cámara **Llorenç Soler e Luís Longueira**
Montaxe **Rita Romero**

DATOS TÉCNICOS

Produción: **Adivina Producciones. AREA TV. Televisión de Galicia**. Coa participación de: **Xunta de Galicia. Consellería de Cultura e Turismo. Generalitat de Cataluña. Televisión de Cataluña.**

SINOPSE

Anna Turbau foi reporteira gráfica en Galiza durante a segunda metade dos anos 70. A súa mirada comprometida coas causas sociais fálanos das orixes do fotoxornalismo e dos convulsos movementos e cambios nos anos da transición á democracia en Galiza.

Grégoire Colin, Kyoko Hasegawa, Jun Murakami

NANAYOMACHI [NANAYO] [11 / 12 / 14]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Naomi Kawase**
Guión **Kyoko Inukai e Naomi Kawase**
Produción **Naomi Kawase e Yoshiya Nagasawa**
Fotografía **Caroline Champetier**
Montaxe **Dominique Auvray, Yusuke Kaneko e Naomi Kawase**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Nanayomachi**
Países **Xapón e Francia**
Ano **2008**

SINOPSE

Unha muller nova deixa o traballo e mais a súa parella en Xapón para empezar unha nova vida en Thailandia. A película detalla o encontro de diversos personaxes de diferente nacionalidade nunha escola de masaxes en medio da selva tailandesa. A falta dunha linguaxe común, a arte tradicional da masaxe será o vínculo entre uns personaxes que acabarán formando unha estraña e feliz familia.

Leonor Baldaque, Ana Moreira, Adrien Michaux, Beatriz Batarda, Diogo Dória

A RELIGIOSA PORTUGUESA [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Eugène Green**
Guión **Eugène Green**
Fotografía **Raphaël O'Byrne**
Montaxe **Valérie Loiseleux**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **A Religiosa Portuguesa**
Países **Portugal e FR**
Ano **2008**
Duración **127 min**
Xénero **Ficción**

SINOPSE

Julie, unha actriz francesa que tamén fala portugués, vai a Lisboa por primeira vez para rodar unha película baseada na novela epistolar do século XVII *As cartas portuguesas*, que recentemente se lle atribuíu ao conde de Guilleragues, un home de letras e diplomático francés. Durante a rodaxe, a actriz descobre a cidade e métese de cheo no día a día dos seus habitantes. A cidade gústalle tanto que a axuda a acabar cunha relación sentimental que a facía infeliz. Cada día crúzase con figuras efémeras e enigmáticas de cuxas experiencias se nutre para a rodaxe do día seguinte. En efecto, o papel da monxa portuguesa que sucumbe á paixón dun oficial francés mozo lémbralle o seu propio pasado. Unha noite, na capela de Nossa Senhora, lugar da rodaxe, ve unha monxa moza axeonllada. Noite tras noite, esta última reza prostrada ata os matíns. Que se dirán esta muller moderna e esta relixiosa? O destino de Julie vai cambiar para sempre.

Satomi Kobayashi, Mikako Ichikawa, Ryo Kase, Ken Mitsuishi, Masako Motai

MEGANE [GLASSES] [5/6/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Naoko Ogigami**
Guión **Naoko Ogigami**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Megane**
País **Xapón**
Ano **2007**
Xénero **Comedia, drama**
Formato **Cor**
Duración **106 min**

SINOPSE

Unha historia que redescobre o pracer das cousas sinxelas e o estimulante que pode ser perder o tempo contemplando a liña do horizonte. A protagonista verá como cambia a súa vida a partir do encontro cunha misteriosa muller que semella que marca o ritmo vital dos personaxes que habitan a praia, na que os móbiles non funcionan e durmir a sesta é case obrigatorio.

Adrian Titieni, Ioana Flora, Maria Dinulescu

HOOKED [20/22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Adrián Sitaru**
Guión **Adrian Sitaru**
Fotografía **Adrian Silisteanu**
Montaxe **Adrian Sitaru**
Produción **Juliette Lepoutre, Marie-Pierre Macia e Adrian Sitaru**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Hooked**
País **Romanía**
Ano **2008**
Duración **84 min**
Formato **35 mm | Cor**

SINOPSE

Un home e unha muller. Unha parella. Nun automóbil. A muller está casada, pero non co home que vai no coche. A muller é máis pragmática e malhumorada. O home semella máis santo. Saen da cidade, no coche. Pasa algo. Hai un terceiro personaxe, outra muller. O campo, un pouco de auga. Con estes elementos, o debutante Sitaru non fai en absoluto un filme contemplativo e silencioso senón un tenso, crispado e dialogado con fío. Os personaxes discuten, confían, desconfían, seducen, semella que teñen algún plan secreto, parece que non o teñen, entran en crise. Filmada desde os puntos de vista dos personaxes, cunha cámara áxil, próxima, nerviosa pero comprensible, Hooked podería pensarse como a película que o Dogma sempre quixo facer e nunca puido totalmente: é dicir, un relato fluído, vibrante e con electricidade erótica e vital. E que lembra o Polanski de *O coitelo debaixo da auga*.

Jesús Moisés Rodríguez (Jesús), Nina Zavarin (Karen), Rubén Sosa (Fausto), Kenny Johnston

LOS BASTARDOS [4/5/6]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Amat Escalante**
Guión **Amat Escalante e Martín Escalante**
Produción **Jaime Romandía**
Fotografía **Matt Uhry**
Montaxe **Ayhan Ergürsel e Amat Escalante**

DATOS TÉCNICOS

Países **México, Francia e USA**
Ano **2008**
Duración **90 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

A película céntrase en 24 horas na vida de Fausto e Jesús, dous indocumentados mexicanos que viven en Los Ángeles. A súa rutina diaria é pararse fóra da tenda de «Home Improvement» esperando que os contraten, ata que, exhaustos de vivir ao día e sempre coaccionados economicamente, deciden cargar unha arma no peto para, por fin, ganar o que lles parece xusto.

Ben Kingsley, Jim Sturgess, Kevin Zegers, Natalie Press, Rose McGowan

FIFTY DEAD MEN WALKING [8/9/10/11]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Kari Skogland**
Guión **Nicholas Davies, Martin McGartland e Kari Skogland**
Fotografía **Jonathan Freeman**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Fifty Dead Men Walking**
Países **Canadá, Reino Unido**
Ano **2009**
Duración **117 min**
Xénero **Acción, suspense**

SINOPSE

Fifty Dead Men Walking é unha trepidante película de acción que ten lugar no traizoeiro mundo que foi Irlanda do Norte nos 80. Brendan, un pillabán dos barrios dominados polo IRA, é testemuña da brutal execución dun soldado. Grazas a iso, as autoridades británicas convénceno para que se converta en informador. Fergus, o seu titor no MI5 convértese nunha figura paterna para el e ofrécelle toda a protección que pode, pero Brendan vive nun mundo de constante perigo, baixo a ameaza de que o descubran, e isto levaríao á tortura e á morte. A súa información vital salva moitas vidas ata que o descobren. As autoridades británicas desenténdense del e abandónano a unha morte segura. Fergus enfróntase cun dilema persoal, e finalmente rexeita aceptar o inevitable: rompendo todas as regras sae ao rescate de Brendan.

Peter Capaldi, Tom Hollander, Gina McKee, James Gandolfini, Steve Coogan, Chris Addison

IN THE LOOP [19/21/22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Armando Iannucci**
Guión **Armando Iannucci, Jesse Armstrong, Simon Blackwell e Tony Roche**
Fotografía **Jamie Cairney**
Xénero **Comedia**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **In The Loop**
País **USA**
Ano **2009**
Duración **106 min**

SINOPSE

O presidente dos Estados Unidos e o primeiro ministro británico deciden de repente iniciar unha guerra. Pero esta vez prometen que van ser rápidos. O xeral estadounidense Miller non cre que vaia rematar pronto e o secretario de estado británico para o desenvolvemento internacional, Simon Foster, tampouco. Pero despois de que Simon apoiase accidentalmente a acción militar en horario de máxima audiencia na televisión, gana sen querelo moitos amigos en Washington, DC.

Anna Kalaitzidou, Mary Tsoni, Michelle Valley, Aggeliki Papoulia, Christos Stergioglou, Hristos Passalis

KYNODONTAS [DOGTOOTH] [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Yiorgos Lanthimos**
Guión **Efthymis Filippou e Yiorgos Lanthimos**
Fotografía **Thimios Mpakatakis**
Montaxe **George Mavropsaridis**
Escenografía **Elli Papageorgakopoulou**
Produción **Yiorgos Lanthimos**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Kynodontas**
País **Grecia**
Ano **2009**
Xénero **Ficción**
Duración **96 min**

SINOPSE

Unha parella e mais os seus tres fillos viven nas aforas dunha cidade. A súa casa está rodeada por un alto valo que os nenos nunca atravesaron. A súa educación, os pasatempos, as diversións e os aburrimentos, o seu adestramento físico... todo está suxeito ao modelo que os seus pais lles impuxeron, sen lles deixar coñecer nada do mundo exterior. Os rapaces pensan que os avións que pasan por encima da súa casa son xoguetes e que as flores amarelas do xardín son zombis. Só unha persoa pode entrar no seu fogar: Christina, a axente de seguridade da fábrica do pai. Este chama a Christina para satisfacer os desexos sexuais do seu fillo. Na familia adórana todos, sobre todo a maior das nenas. Un día, Christina regálalle un diadema brillante e espera recibir algo a cambio.

Gary Piquer (Orsini), Jouko Ahola (Jacob Van Oppen), Antonella Costa (Adriana), César Troncoso (Heber)

MAL DÍA PARA PESCAR [29/30/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Álvaro Brechner**
Guión **Álvaro Brechner e Gary Piquer**
Produción executiva **Álvaro Brechner, Tomás Cimadevilla e Virginia Hinze**
Fotografía **Álvaro Gutiérrez**
Montaxe **Teresa Font**
Dirección artística **Gustavo Ramírez**
Vestiario **Alejandra Rosasco**

DATOS TÉCNICOS

País **España e Uruguai**
Ano **2008**
Xénero **Drama**

SINOPSE

O filme trata de dous peculiares buscavidas que viaxan dun lado para outro organizando exhibicións de feira por Latinoamérica; os dous enmárcanse nunha longa e interminable xira que remata cando os acontecementos toman un rumbo inesperado e incontrolable para os protagonistas.

Pierce Brosnan, Susan Sarandon, Carey Mulligan, Johnny Simmons, Aaron Johnson, Michael Shannon

THE GREATEST [15/21]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Shana Feste**
Guión **Shana Feste**
Música **Christophe Beck**
Fotografía **John Bailey**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **The Greatest**
País **USA**
Ano **2009**
Xénero **Drama**
Duración **98 min**

SINOPSE

Bennet e Rose (Carey Mulligan) son dous adolescentes que son veciños desde que eran nenos. Víronse cada día durante anos, pero ningún dos dous se decidiu a confesar o amor polo outro. O último día de clase, Bennet declárase lle a Rose e pasan a noite máis marabillosa das súas vidas, pero cando Bennet regresa á casa un coche atropélao e morre. Os pais do rapaz (Susan Sarandon e Pierce Brosnan), desfeitos, non saben como superar a perda; é entón cando aparece Rose e lles di que espera un fillo de Bennet...

Drama intimista que tivo unha grande acollida no pasado festival de Sundance. Destacan as interpretacións de Sarandon e Brosnan, así como a da moza Carey Mulligan, a auténtica revelación da película.

Ricardo Darín (Vergara Grey), Abel Ayala (Ángel Santiago), Miranda Bodenhöfer (Victoria Ponce), Ariadna Gil (Teresa Capriatti), Luis Dubó (Marín), Mario Guerra (Wilson), Mariana Loyola (Lili), Gregory Cohen (Sergio)

EL BAILE DE LA VICTORIA [19]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Fernando Trueba**
Guión **Fernando Trueba, Jonás Trueba e Antonio Skármeta**; baseado na novela *El baile de la victoria* de **Antonio Skármeta**
Produción **Jessica Huppert Berman**
Fotografía **Julián Ledesma**
Montaxe **Carmen Frías**
Dirección artística **Verónica Astudillo**
Vestiario **Lala Huete**

DATOS TÉCNICOS

País **España** Ano **2009**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Coa chegada da democracia, o presidente de Chile decreta unha amnistía xeral para todos os presos sen delitos de sangue. Entre eles están o mozo Ángel Santiago (Abel Ayala) e o veterano Vergara Grey (Ricardo Darín), un famoso ladrón de caixas fortes. Os seus plans non poden ser máis opostos. Mentres Vergara Grey só quere recuperar a súa familia e cambiar de vida, Ángel soña con se vingar do alcaide e dar un gran golpe. Pero no seu camiño vaise cruzar unha moza, Victoria (Miranda Bodenhöfer); as vidas dos tres sofren un cambio total que os levará a se enfrontar cun novo destino.

Cristi Petrescus, Iulia Verdes

ELEVATOR [9/10/11/12/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **George Dorobantu**
Guión **Gabriel Pintilei**
Fotografía **George Dorobantu**
Montaxe **George Dorobantu**
Produción **Gabriel Pintilei e Alexandra M. Paun**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Elevator**
País **Romanía**
Ano **2008**
Duración **85 min**

SINOPSE

A fertilidade do cinema romanés recente resulta tanto máis abraiante se se consideran as condicións en que se producen e consomen as películas nese país. Ródanse uns 20 filmes cada ano; hai pouco máis de 60 salas e o gasto anual medio en cinema, por habitante, é de menos de 4 centavos de dólar. Se nese panorama a aparición de cada nova Lazarescu ou Hooked semella a aterraxe dun ovni, o debut do mariñeiro Darabantu (nada de educación cinematográfica formal) vería ser a nave base. *Elevator* custou –con letras para que non pensen que faltan ceros– douscentos euros: o mesmo que custa, en Europa, un teléfono celular dos bos. E un teléfono celular (pero non dos bos) é practicamente a único utensilio, e o máis vital, dentro do ascensor-cárcere-probable tumba no que queda atrapada a parella de adolescentes protagonista. Todo este potente psicodrama, ao que non lle faltan humor nin suspenso nin agudos e discretos comentarios sociais, transcorre nesa caixa metálica de 3 por 2 metros. Un cinema mínimo pero expansivo que, mediante a montaxe e unha incrible variedade de postas de cámara, sae do encerro para respirar a árida liberdade do Gerry de Van Sant.

Sasha Grey (Chelsea/Christine), Chris Santos (Chris), Timothy Davis (Tim), Glenn Kenny, Mark Jacobson

THE GIRLFRIEND EXPERIENCE [5/6/9]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Steven Soderbergh**
Guión **Brian Koppelman e David Levien**
Produción **Gregory Jacobs**
Fotografía **Peter Andrews**
Vestiario **Christopher Peterson**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2009**
Duración **77 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Película cun baixo orzamento e que focaliza a atención no mundo da prostitución de luxo, seguindo a historia dunha *call girl* que, ademais de lles prestar os servizos sexuais a homes ricos, é contratada para exercer como «noiva perfecta».

Stephanie Bishop (Lily), Eric Cantona (El mesmo), Steve Evets (Eric Bishop), Lucy-Jo Hudson (Sam), Justin Moorhouse (Spleen), Gerard Kearns (Ryan), Stefan Gumbs (Jess), Des Sharples (Jack), Mick Ferry (Xuíz), Greg Cook, John Henshaw, Smug Roberts

LOOKING FOR ERIC [BUSCANDO A ERIC] [17/21/22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ken Loach**
Guión **Paul Laverty**
Produción **Rebecca O'Brien**
Música **George Fenton**
Fotografía **Barry Ackroyd**
Montaxe **Jonathan Morris**
Deseño da produción **Fergus Clegg**
Vestiario **Sarah Ryan**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Looking for Eric**
Países **Reino Unido, Francia, Italia, Bélxica e España**
Ano **2009**
Duración **116 min**
Xénero **Drama, comedia**

SINOPSE

Eric, o carteiro, vese desbordado pola súa propia realidade. A súa caótica familia, os salvaxes sobriños e a cementeira en fronte do seu xardín non axudan, aínda que é o seu propio segredo o que o conduce á beira do abismo... É quen de se enfrontar con Lily, a muller que amou 30 anos atrás? A pesar dos esforzos e as boas intencións dos seus afeccionados, Eric continúa afundíndose. En tempos desesperados, un porro e un amigo abondan para desafiar o perdido carteiro a que emprenda a viaxe cara ao máis perigoso territorio de todos: o pasado.

Tahar Rahim (Malik), Niels Arestrup (César Luciani), Adel Bencherif (Ryad), Reda Kateb (Jordi), Hichem Yacoubi (Reyeb), Jean-Philippe Ricci, Gilles Cohen, Antoine Basler, Leïla Bekhti, Pierre Leccia, Foued Nassah, Jean-Emmanuel Pagni

UN PROPHÈTE [O PROFETA] [16/17/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jacques Audiard**
Guión **Jacques Audiard e Thomas Bidegain**; baseado nun argumento de **Abdel Raouf Dafri e Nicolas Peufaillit**
Produción **Martine Cassinelli**
Música **Alexandre Desplat**
Fotografía **Stéphane Fontaine**
Montaxe **Juliette Welfling**
Deseño da produción **Michel Barthélemy**
Vestiario **Virginie Montel**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Un prophète**
País **Francia** Ano **2009** Duración **150 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Condenado a seis anos de cadea, Malik El Djebena (Tahar Rahim) non pode ler nin escribir. Cando chega ao cárcere completamente só, parece máis novo e fráxil ca os outros convictos. Ten 19 anos. Arredado polo líder da banda Corsican, que é a que manda no cárcere, encoméndanlle unha serie de misións que debe cumprir para se facer máis forte e ganar a confianza do líder. Malik é valente e aprende rápido, e mesmo se atreve a desenvolver os seus propios plans...

Liya Kebede, Sally Hawkins, Craig Parkinson, Meera Syal, Anthony Mackie, Juliet Stevenson, Soraya Omar-Scego

DESERT FLOWER [FLOR DO DESERTO] [7/8/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Sherry Horman**
Guión **Sherry Horman**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Desert flower**
Países **Gran Bretaña, Alemaña, Austria**
Ano **2009**

SINOPSE

Coma nun conto de fadas, Waris Dirie, nada en Somalia entre pastores nómades, converteuse nunha das modelos máis solicitadas da época. Percorreu un camiño fascinante ata que pisou as pasarelas máis famosas e foi portada das mellores revistas de moda. Con 13 anos fuxiu dunha voda de conveniencia e andou días polo deserto antes de chegar a Mogadiscio, capital de Somalia. Alí, os seus parentes mandárona traballar como criada á embaixada do seu país en Londres, onde pasou a adolescencia sen saber ler nin escribir. Antes de volver a un país desfeito por mor da guerra, preferiu permanecer ilegalmente en Londres e traballar de dependenta. Coñeceu a Marilyn e fixéronse amigas íntimas. Mentres traballaba nun restaurante de comida rápida, foi descuberta polo famoso fotógrafo Terry Donaldson.

Marta Pazos, Lois Soaxe, Teté García

O CAZADOR [11]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ángel Santos Touza**
Guión **Ángel Santos Touza**
Produción **Daniel Froiz Guede e Ángel Santos Touza**
Produción executiva **Daniel Froiz Guede**
Fotografía **Juan Carlos Pérez**
Xefe de produción **Daniel Froiz Guede**
Montaxe **Ángel Santos Touza**
Son **Xavier Souto**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007** Formato **Curtametraxe**
Xénero **Experimental**
Modalidade **Ficción** Duración **25 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**

SINOPSE

Adaptación libre dun relato de A. Chejov. *O Cazador* é un proxecto de curtametraxe que se desenvolve en tres partes ben diferenciadas. En cada unha delas asistiremos a unha das fases da creación do propio proxecto, partindo da lectura do texto que o inspira ata alcanzar o resultado da ficción final, evidenciando no camiño as pegadas do proceso creativo.
Dous actores sobre un escenario baleiro construíndo uns personaxes. Un cazador e unha campesiña que se atopan nun prado co peso dunha relación pasada nas súas costas. A construción da emoción, a elaboración dunha ficción: da palabra á imaxe.

Josiane Balasko (Renée Michel), Garance Le Guillermic (Paloma Josse), Togo Igawa (Kakuro Ozu), Anne Brochet (Solange Josse), Ariane Ascaride (Manuela López), Wladimir Yordanoff (Paul Josse), Sarah Le Picard (Colombe Josse), Jean-Luc Porraz (Jean-Pierre), Gisèle Casadesus (Señora de Broglie), Mona Heftre (Señora de Meurisse)

LE HÉRISSON [O OURIZO] [14/15/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Mona Achache**
Guión **Mona Achache**; inspirado libremente na novela *A elegancia do ourizo*, de **Muriel Barbery**
Produción **Anne-Dominique Toussaint**
Música **Gabriel Yared**
Fotografía **Patrick Blossier**
Montaxe **Julia Grégory**
Dirección artística **Yves Brover**
Vestiario **Catherine Bouchard**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Le hérisson**
País **Francia**
Ano **2009**
Duración **100 min**
Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

O ourizo é a historia dun encontro inesperado entre algúns dos habitantes do número 7 da rúa Grenelle, en París: Paloma Josse, unha nena de once anos tremendamente intelixente e cun plan secreto; Renée Michel, porteira discreta e solitaria que baixo a súa aparencia de inculta e arisca en realidade oculta unha personalidade intelixente e cultivada; e o enigmático señor Kakuro Ozu, un xaponés que se acaba de mudar ao edificio...

Judith Godrèche, Déborah François, Frédérique Bel

FAIS MOI PAISIR [6/7/8]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Emmanuel Mouret**
Guión **Emmanuel Mouret**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Ano **2009**
Idioma orixinal **Francés**
Duración **90 min**
Formato **1:85**

SINOPSE

Ariane está convencida de que o seu mozo soña con outra muller. Para salvar a relación, pídelle que teña unha aventura, crendo que é a mellor forma de o liberar. Pero Jean-Jacques non sabe que a muller dos seus soños é a filla do presidente da República Francesa.

Mathilde Seigner, Olivier Marchal, Pascal Elbé, Charlotte Rampling

QUELQUE CHOSE À TE DIRE [13/14/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Cécile Telerman**
Guión **Cécile Telerman**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Ano **2009**
Duración **100 min**
Idioma orixinal **Francés**
Formato **1:85**

SINOPSE

A familia Celliers é coma calquera familia, todos os seus membros están completamente tolos.
Mady, ama de casa duns espléndidos 60 anos, pasa a vida falando mal das dúas fillas e mais do seu marido Henry, ex-director xeral, un home estraño que parece que está en franca regresión desde que se xubilou. Antoine, o fillo maior, é un director de empresa incapaz de levar a bo porto un negocio, sae dunha creba para se meter noutra; a súa irmá Alice pinta obsesivamente madonas depresivas. En canto a Annabelle, é enfermeira nunha unidade de coidados intensivos, e intenta desesperadamente salvar a súa familia léndolle o futuro.
Todo seguiría coma sempre se Alice non coñecera por casualidade a Jacques, un policía solitario e de volta de todo, que será o gran de area que vai deter a maquinaria perfectamente engraxada das neuroses familiares, ata que estoupe todo... Para ben ou para mal.

Michael Fassbender (Connor), Rebecca Griffiths (Tyler), Katie Jarvis (Mia), Sydney Mary Nash (Keira), Harry Treadaway (Billy), Kierston Wareing (Joanne)

FISH TANK [29/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Andrea Arnold**
Guión **Andrea Arnold**
Produción **Kees Kasander e Nick Laws**
Fotografía **Robbie Ryan**
Montaxe **Nicolas Chaudeurge**
Deseño da produción **Helen Scott**
Vestiario **Jane Petrie**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido**
Ano **2009**
Duración **124 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

A vida de Mia, unha adolescente de 15 anos, dá un salto cando a súa nai trae á casa un novo noivo.

Willem Dafoe, Charlotte Gainsbourg

ANTICHRIST [27/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Lars Von Trier**
Guión **Lars Von Trier**
Produción **Meta Louise Foldager**
Fotografía **Anthony Dod Mantle**
Montaxe **Anders Refn**
Deseño da produción **Karl Júlíusson**
Vestiario **Frauke Firl**

DATOS TÉCNICOS

Países **Dinamarca, Alemaña, Francia, Italia, Suecia e Polonia**
Ano **2008**
Duración **105 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Unha parella sumida na dor retírase a unha cabana perdida no medio do bosque coa esperanza de que o contacto coa natureza lles cure os corazóns rotos e salve o seu matrimonio. Pero a natureza segue o seu curso e as cousas empezan a ir de mal en peor. *Antichrist* non está recomendada para menores de 18 anos.

Horacio Camandule (Jara), Leonor Svarcas (Julia), Néstor Guzzini (Tomás), Federico García (Matías), Fabiana Charlo (Mariela), Ernesto Liotti (Danilo), Diego Artucio (Omar), Carlos María Lissardy (Kennedy), Nacho Mendy (Miguel), Augusto Peloso (Rojas), Andrés Gallo (Fidel)

GIGANTE [28/29/30]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Adrián Biniez**
Guión **Adrián Biniez**
Produción **Fernando Epstein e Agustina Chiarino**
Música **Adrián Biniez**
Fotografía **Arauco Hernández**
Montaxe **Fernando Epstein**
Dirección artística **Alejandro Castiglioni**
Vestiario **Emilia Carlevaro**

DATOS TÉCNICOS

Países **Uruguay, Alemaña, Arxentina e Holanda**
Ano **2009**
Duración **90 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Jara (Horacio Camandule), un garda de seguridade da quenda da noite nun hipermercado, namórase dunha limpadora á que espía a través das cámaras de vixilancia. A vida de Jara axiña se converte nunha serie de rituais e rutinas arredor dela e o desexo por coñecela.

Beat Takeshi, Tohru Emori, Kayoko Kishimoto, Anne Suzuki, Kazuko Yoshiyuki, Akira Takarada, Yumiko Fujita, Yuki Uchida, Yoshino Kimura, Keiko Matsuzaka

KANTOKU BANZAI! [GLORY TO THE FILMMAKER!] [21/25/27]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Takeshi Kitano**
Guión **Takeshi Kitano**
Produción **Masayuki Mori e Takio Yoshida**
Música **Shinichiro Ikebe**
Fotografía **Katsumi Yanagijima**
Montaxe **Takeshi Kitano e Yoshinori Ota**
Deseño da produción **Norihiro Isoda**
Vestiario **Fumio Iwasaki**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Kantoku banzai!**
País **Xapón**
Ano **2007**
Duración **108 min**
Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

Kitano reincide nas súas inquietudes para narrar en clave de comedia retranqueira os problemas creativos dun realizador (el mesmo) que proba repetidamente con diferentes xéneros sen atopar algo que o satisfaga.

Alexandra Lamy (Katie), Sergi López (Paco), Mélusine Mayance (Lisa), Arthur Peyret (Ricky), André Wilms (Doutor), Jean-Claude Bolle-Reddat (Xornalista), Maryline Even (Odile), Julien Jaurant, Eric Forterre, Hakim Romatif, John Arnold, Catherine Jabot

RICKY [4/5/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **François Ozon**
Guión **François Ozon e Emmanuèle Bernheim**; baseado na novela de **Rose Tremain**
Produción **Claudie Ossard e Chris Bolzli**
Música **Philippe Rombi**
Fotografía **Jeanne Lapoirie**
Montaxe **Muriel Breton**
Dirección artística **Katia Wyszkop**
Vestiario **Pascaline Chavanne**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia e Italia**
Ano **2009**
Duración **90 min**
Xénero **Drama, fantástico**

SINOPSE

Cando Katie (Alexandra Lamy), unha muller calquera, coñece a Paco (Sergi López), un home calquera, sucede algo máxico e marabilloso: namóranse. Pero entón, o seu amor polo outro dá como resultado un bebé nada usual, Ricky.

Robin Harsch, Natacha Koutchoumov, Elodie Weber

UN AUTRE HOMME [23/25/28]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Lionel Baier**
Guión **Lionel Baier**
Fotografía **Lionel Baier**
Montaxe **Pauline Gailliard**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Un autre homme**
País **Suíza** Ano **2008**
Formato **35 mm**
Duración **89 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

François chega coa súa noiva a unha aldea do val de Jura. Alí, ela vai traballar como mestra e el como editor, redactor e todos os demais roles do xornal do lugar. Unha das inesperadas tarefas do xornalista será facer unha nota sobre cada película que se dea as fins de semana no cinema do lugar. François interesarase, apaixonarase, obsesionarase con se converter en crítico de cinema. Ten a oportunidade, sabe copiar as poses e outras cousas e empezará a ir ás funcións privadas. Pero mesmo para alguén sibilino coma François ese mundo ofrecerá sorpresas, riscos e novidades. *Un autre homme* –con referencias sobre o cinema e chea de diversos tics do ambiente xornalístico crítico e cultural– é unha comedia malvada e aceda sobre alguén que descobre que o que quere ser non é o que é, pero que ademais –e nisto terá que ver o central, impresionante e fascinante personaxe de Rosa– deberá decatarse de que o que quere ser é moito máis complicado do que parece. Baier logra que todo este enredo flúa con graza e con intelixencia, da variante corrosiva.

Residentes do club portugués

O CLUB DOS SEN TEITO [26]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Claudia Brenlla**
Guión **Claudia Brenlla**
Produción **Claudia Brenlla**
Fotografía **Claudia Brenlla**
Edición **Claudia Brenlla e Óscar Pardo**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2008** País **Galiza**
Xénero **Documental**
Duración **55 min**
Formato **DVD | Cor**

SINOPSE

Un barrio acomodado de Salvador de Baía (Brasil) vese revolucionado pola chegada de decenas de familias pertencentes ao movemento organizado dos sen teito (MSTS), que ocupan as ruinosas instalacións dun antigo club social no paseo marítimo.

Júlia Buisel, Diogo Dória,
Carlos Santos

SINGULARIDADES DE UMA RAPARIGA LOURA [16/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Manoel De Oliveira**
Guión **Manoel De Oliveira**
Fotografía **Sabine Lancelin**
Montaxe **Catherine Krassovsky**
Produción **François d'Artemare**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Singularidades de uma rapariga loura**
Países **España, Francia, Portugal**
Ano **2008**
Duración **63 min**
Formato **Vídeo: Digibeta | Cor**

SINOPSE

Un home viaxa nun tren a carón dunha muller. Non se coñecen. El chámase Macario, e decide contarlle a súa historia á muller que ten ao seu carón. El era un contador que traballaba para o seu tío, nunha oficina en Lisboa desde a que un día descobre, a través da fiestra, unha moza da que rapidamente se namora. A través dun coñecido intentará establecer unha relación con aquela muller, o encontro prodúcese, namóranse e deciden casar. Pero o tío oponse á relación e despídeo. Agora Macario vólvese reencontrar con aquela muller, decidido a rematar a historia pero quizais o destino teña preparados novos obstáculos para eles.
Está baseada nun relato breve de Eça de Queirós do século XIX, que Oliveira adapta xa con máis de cen anos ao lombo, *Singularidades de uma rapariga loura* revélase, dunha maneira rigorosa e case perfecta, coma outra das súas habituais obras mestras.

BATA POR FÓRA (MULLER POR DENTRO) [26]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Claudia Brenlla**
Guión **Claudia Brenlla**
Fotografía **Claudia Brenlla**
Montaxe **Claudia Brenlla**
Produción **Claudia Brenlla**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007**
País **Galiza**
Xénero **Experimental**
Duración **18 min**

SINOPSE

Esta curtametraxe experimental trata sobre as mulleres que usan a bata de cadros como roupa de traballo e sobre as que non a usan, sobre o vínculo que existe entre todas elas e sobre a propia bata como símbolo.

Nausicaa Bonnín (Léa), Eduard Fernández (Josep Maria), Philippine Leroy-Beaulieu (Jöelle), Francesc Orella (Toni), Ramón Fontserè (Pere), Aida Oset (Mar), Artur Busquets (Pau), Amalia Sancho (Virginia), Isabel Rocatti (Montse), María Ribera (Laia)

TRES DÍAS CON LA FAMILIA [13/14/15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Mar Coll**
Guión **Mar Coll e Valentina Viso**
Produción executiva **Sergi Casamitjana, Aintza Serra e Lita Roig**
Música **Maikmaier**
Fotografía **Neus Ollé**
Montaxe **Elena Ruiz**
Dirección artística **Xénia Besora**
Vestiario **Mariel Gimeno-Bayón**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2009**
Duración **86 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Léa (Nausicaa Bonnín) debe viaxar subitamente a Girona, onde acaba de finar o seu avó paterno. Alí estaa esperando a súa familia, que practicamente non viu desde que marchou ao estranxeiro. A morte do patriarca dos Vich i Carbó é a escusa perfecta para forzar a convivencia entre os seus descendentes. Os tres días que dura o velorio, a misa e mais o enterro, son un bo momento para observar ese xogo de aparencias dunha burguesía conservadora na que todos os problemas son evidentes pero nunca explícitos. Léa rexeita este mundo hipócrita que se lle adhire á pel coma un traxe feito a medida.

María Vázquez (Luz), Katia Klein (Rebeca), Sonia Castelo (Anxos), Susana Dans (Matilde), Mela Casal (Elvira)

O CLUB DA CALCETA [9]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Antón Dobao**
Guión **Antón Dobao**
Música **Manuel Riveiro**
Edición **Luís Faraón**
Produción **Julio Casal, Mamen Quintas e Albert Sagalés**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2008** País **Galiza**
Xénero **Drama** Duración **92 min**
Formato **DVD | Cor**

SINOPSE

Cinco mulleres de diferente condición, idade e orixe social, viven as súas vidas ordinarias cheas de conflitos e frustracións.
Todas elas son diferentes, pero hai algo que as aproxima, que as equipara. As súas frustracións, a opresión de diversas caras que sofre cada unha delas, a explotación e mais a soidade.

Marc Soto (Arnau), Eulàlia Ramon (Sole), Sergi López (Ramón), Eduardo Noriega (Sergi), Pere Subirana (Araña)

PETIT INDI [26/29]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Marc Recha**
Guión **Nadine Lamari e Marc Recha**
Produción **Marc Recha e Jérôme Vidal**
Música **Pau Recha**
Fotografía **Hélène Louvart**
Montaxe **Nelly Quettier**
Vestiario **Anna Aguilà**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2009**
Duración **92 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Arnau (Marc Soto) é un mozo que vive no seu imaxinario de papel, inmerso na súa fráxil realidade, viaxa inconscientemente cara á deriva. Os seus compañeiros de viaxe son uns cantos paxaros cantores: pimpíns, verderolos, liñaceiros comúns e un xílgaro que é a esperanza da súa vida. Ningún outro canta coma el, grazas a moitas horas de traballo paciente e un minucioso adestramento. Con todo, Arnau vive apenas sen respirar porque algo moito máis intenso lle devora o corazón. A súa nai está no cárcere de Vad-Ras á espera de xuízo, e as cousas non melloran. Así que este rapaz que vive coa súa irmá Sole (Eulàlia Ramon) nun barrio de Barcelona en plena transformación, que soña esperto pasando as tardes co seu irmán Sergi (Eduardo Noriega), que vai co seu tío Ramón (Sergi López) ao canódromo da Meridiana; elabora un plan para sacar a súa nai do cárcere. Esta decisión vaino catapultar cara a unha dura realidade.

CANTOS RODADOS [8]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Xoel Méndez Pérez**
Guión **Xoel Méndez Pérez**
Produción **Julio Casal Fernández-Couto**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2008**
Duración **87 min**

SINOPSE

O filme é un proxecto documental que veu seguindo durante tres meses os pasos do grupo musical Xerock, composto por diminuídos intelectuais alumnos do Centro San Xerome e por dous dos traballadores do mesmo centro. O percorrido remata cun concerto do grupo xunto con The Ellas, o grupo musical do actor Luís Tosar.

Cantos Rodados pretende ser unha chamada á integración dos diminuídos psíquicos a través do Centro de Integración San Xerome Emiliani, na Guarda.

Manuel Cortés (Rafael), María Tasende (Bárbara), Nerea Barros (Aurora), Sonia Méndez (Mariló), Cecilia Viyella (Alicia), Pilar Pereira (Adelita), Vicente Montoto (Enfermeiro), Eva Fernández (Amiga), Chema Gagino (Xefe), José Antonio Jiménez (Ramiro)

RAFAEL [20/21]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Xavier Bermúdez**
Guión **Xavier Bermúdez**
Produción **Manane Rodríguez e Xavier Bermúdez**
Música **Coché Villanueva**
Fotografía **Alfonso Sanz Alduán**
Montaxe **Sandra Sánchez**
Deseño da produción **Ainhoa Arana**
Vestiario **Julia Rodríguez Ovalle**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2008**
Duración **116 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Rafael (Manuel Cortés) concilia o traballo de funcionario coa obsesión polas mulleres. Ségueas incansablemente e aténdeas con gran dedicación. Con todo, non semella que acabe de conseguir o que desexa delas, sempre hai algunha falta, algunha brecha. Trátase dunha brecha interior?

MEMORIAS ROTAS [13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Manane Rodríguez Rodríguez**
Guión **Manane Rodríguez Rodríguez**

DATOS TÉCNICOS

Formato **Longametraxe**
Xénero **Historia e biografía**
Modalidade **Documental**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**
Ano de produción **2008**

SINOPSE

Un documental sobre a historia do Batallón Galicia e o comandante Moreno, desde que os seus integrantes abandonaron A Coruña ata que os derradeiros membros do continxente foron asasinados nas inmediacións do Alto do Acevo, cando fuxían da fronte asturiana.
O documental divídese en tres partes para recuperar os recordos das familias dos asasinados; a propia evolución do Batallón Galicia, desde que saíu da Coruña ata que os derradeiros integrantes foron asasinados nas inmediacións do Acevo e, para rematar, o testemuño do pobo, especialmente daquelas persoas que foron testemuñas directas dunha parte da historia deste grupo de homes.

Carlos Villa, Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi», Gaspar Broullón Pastoriza, Ramiro Ledo Cordeiro

BERBERECHO [20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi»** Guión **Xosé Manuel Bazarra «Sepi» e Gaspar Broullón Pastoriza** Produción **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi»** Montaxe **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi» e Gaspar Broullón Pastoriza** Son **Cristina Morquillas** Axudante de dirección **Héctor Diéguez González** Imaxe gráfica **Marta Eiriz Gallego**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2001** Formato **Curtametraxe**
Xénero **Comedia** Modalidade **Ficción**
Duración **12 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**

SINOPSE

Un home inadaptado senta nun bar a reflexionar sobre a vida e sobre os seareiros do bar. O bar non é outro que o Berberecho, situado nunhas galerías do ensanche compostelán.



Luís Tosar

AFRANIO [12]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Víctor Aparicio**
Produción **Micaela Sinde e Diego Méndez Lamas**
Fotografía **José Juan Morgade**
Edición **Marcos Losada**

DATOS TÉCNICOS

Xénero **Documental**
País **Galiza**
Duración **60 min**
Formato **DVD | Cor**

SINOPSE

O documental conta o periplo do deputado Alonso Ríos nos días inmediatamente posteriores ao golpe de estado do 36, os inútiles intentos de organizar a resistencia e a fuxida para o monte cando o avisan de que o buscan para executalo.

Marisa Naya, José María Pujalte, Juan R. Guisán, Carmen Bermúdez, Francisco Cajigas, Enrique Lestas, Manuel Castelo, José Luis Cuadrado, Antonio Souto, Roberto Reboiro, José L. Caramés, José Redondo
Voz en off da retransmisión deportiva (Enrique Mariñas)

EL ANDAMIO [12/17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Rogelio Amigo**
Produción **Docampo-Amigo**
Guión **Rogelio Amigo**
Argumento e diálogos **Rogelio Amigo**
Fotografía **Carlos e Pepe Docampo**
Son **Antonio Docampo**
Montaxe **Rogelio Amigo e Carlos Docampo**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **El Andamio**
Produtora **Carballal Films**
País **España**
Formato orixinal **16 mm | Branco e negro**
Duración **32 min**
Ano **1958**
Xénero **Drama social**

PREMIOS

Primeiro premio no Certamen Nacional de Arte Cinematográfico Amateur de San Sebastián, (actual Festival de cinema de Donostia). 1958.
Medalla de prata no Certamen del Cantábrico, León. 1958.
Medalla de Prata e Copa Paillard no Concurso Nacional de Barcelona. 1958.
Premio á mellor interpretación feminina, a Marisa Naya. Festival de Cine Amateur del Club Urbis de Madrid. 1958.

SINOPSE

El Andamio conta a historia dun home en pugna coa súa conciencia, nunha España de sombras e no medio do egoísmo dos demais homes que o rodean. (Jorge Feliu 1958).

Sara Pazos, Jahdo González, Xavier Deive Martínez, Arantza Villar, Alberto Rolán Núñez

SEPTIEMBRE (LOS AMORES JÓVENES) [11]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ángel Santos Touza**
Guión **Ángel Santos Touza**
Fotografía **Juan Luis Ruíz**
Produción **Miguel Gil**
Montaxe **Carlos González**
Son **Carlos González**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2004** Formato **Curtametraxe**
Xénero **Drama** Modalidade **Ficción**
Duración **12 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Castelán**

SINOPSE

L. é unha rapaza de 16 anos. Ela e o seu amigo C. pasan a última tarde do verán nunha pequena vila costeira. O percorrido que farán xuntos, e uns fortuítos encontros con outras parellas, afectaranlle profundamente a L.

Entrevistas e autor do relato [José Manuel Sande (historiador de cinema e membro do departamento de programación do Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI)]

e a participación de: Rogelio Amigo. (director da película *El Andamio)*, Antonio Docampo (produtor da película *El Andamio*), José Mª Pujalte (actor da película *El Andamio*), Marisa Naya (actriz da película *El Andamio*), José Redondo, (actor da película *El Andamio*), José Luis Caramés (actor da película *El Andamio*), Manuel Castelo (actor da película *El Andamio*), Roberto Reboiro (actor da película *El Andamio*), Carlos Fernández Santander (documentalista cinematográfico, escritor e xornalista periodista)

50 AÑOS EN EL ANDAMIO [12/17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ángel Rueda**
Produción **Ana Domínguez**
Deseño da produción **Miguel Mariño**
Imaxe e son **José de Carricarte, Iago González, Anxo Cruz**
Montaxe **Ángel Rueda e José de Carricarte**
Posprodución son **Fran Lariño**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **50 años en el Andamio**
Xénero **Documental**
Versión orixinal **Español** Duración **76 minutos**
Produción **Ana Domínguez, P.C.**
Formato **HDV** Formato de proxección **Betacam Digital, DVD** *Aspect ratio* **16:9**

SINOPSE

O documental realiza a busca dos protagonistas dunha película afeccionada de denuncia política e social realizada en España en plena ditadura franquista. Isto provocou unha forte censura, que mantería a película *El Andamio* oculta durante os últimos 50 anos.
Froito desta busca recupérase a figura do seu director Rogelio Amigo e os testemuños en primeira persoa de todos os que fixeron posible esta aventura, volvendo aos lugares da rodaxe e recreando con eles algunhas das escenas da película orixinal.
50 años en el Andamio reescribe a película con todos os seus protagonistas, para trasladar as mesmas reivindicacións aos nosos días. Paro, explotación, precariedade laboral, especulación urbanística, temas en plena actualidade despois de todos estes anos.

OS NENOS DE MARIA SOLIÑA [8]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Diego Méndez Lamas e Cibrán Isasi**
Produción **Diego Méndez Lamas**
Fotografía **Alberto Castro Fernández**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2008**
Xénero **Sociedade**
Formato **Longametraxe**
Modalidade **Documental**
Duración **50 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**

SINOPSE

Documental sobre a escola «María Soliña» fundada pola canguesa Neneta Herrero na India (Pubei, na rexión de Orissa).

Luis Fernando Peña (Memo Cruz), Leonor Varela (Luz Martínez), Jacob Vargas (Rudy Ramírez), Tenoch Huerta (David Cruz), Metztli Adamina (Dolores Cruz), José Concepción Macías (Miguel Cruz), Emilio Guerrero (Ricky), Norma Pablo (Lupe), Roberto Reyes (Antonio). Analuz Russell (Angie Ramírez), Jorge Zepeda (Rodolfo Ramírez), Giovanna Zacarías (Berta)

SLEEP DEALER [10/11/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Alex Rivera**
Guión **David Riker e Alex Rivera**
Produción **Anthony Bregman**
Música **Tomandandy**
Fotografía **Lisa Rinzler**
Montaxe **Alex Rivera**
Deseño da produción **Miguel Ángel Álvarez**
Vestiario **Adela Cortázar**

DATOS TÉCNICOS

Países **USA e México**
Ano **2008**
Duración **90 min**
Xénero **Ciencia ficción**

SINOPSE

Un futuro próximo. Pode ser mañá. O mundo está dividido por fronteiras pero, á súa vez, está conectado a través dunha rede dixital que une o mundo enteiro. Memo Cruz vive cos pais e mais co seu irmán nunha aldea sucia que se chama Santa Ana del Río, en México. Santa Ana é unha comunidade granxeira illada, o típico lugar que semella que se parou no tempo, agás polo encoro punteiro e militar que construíu unha corporación e que agora controla a subministración de auga de Santa Ana. Memo adora a tecnoloxía, soña con marchar da aldea e atopar traballo nas fábricas de tecnoloxía punteira das grandes cidades do norte.

Manuel e Carmen de Quiroga-Vilela, Eddie, Alain Costeduat, Federico de la Peña e as súas mascotas, Eddie, Cuadrilla A Bala de Quindóus: Logio, Luis, Paco, Amable, Ángel, Miguel, Félix, Felipe, Benino, Casteldefrades, Alfredo,...

PARÍS #1 [13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Oliver Laxe**
Guión **Oliver Laxe**
Produción **Oliver Laxe**
Fotografía **Oliver Laxe**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007**
Modalidade **Documental**
Duración **35 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**
Formatos **DVD | Betacam**
Sistemas TV **PAL | NTSC | Cor**

SINOPSE

Uns amigos deciden compartir unha experiencia cinematográfica en Galiza. O seu propósito é sinxelo, filmar cousas que lles gustan, sen ningún outro tipo de premisa ou obriga. Queren que as imaxes reflictan o sentimento que os une á xente que atopan polo camiño.

Alberto Rojas Apel, Matías Castelli, Martín Piroyansky

EXCURSIONES [19/26]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Ezequiel Acuña**
Fotografía **Fernando Lockett**
Produción **Ezequiel Acuña e Matanza Cine**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Excursiones**
País **Arxentina**
Ano **2009**
Formato **Cor + B&N | 35 mm**
Duración **80 min**

SINOPSE

Marcos traballa nunha fábrica de larpeiradas; Martín é guionista de TV. Os dous foron compañeiros de escola e grandes amigos, pero hai anos que non se ven. Marcos consegue que un teatro queira estrear un unipersoal que creou na escola secundaria e proponlle ao seu antigo amigo que o axude a reescribir o texto.
Na súa terceira película, Ezequiel Acuña retoma os personaxes que protagonizaron a súa curta *Rocío*, interpretados polos mesmos actores. Nun Bos Aires máis de barrio, dun branco e negro cunha luz que ensucia e suaviza cada plano, a película vai da comedia ao drama melancólico ida e volta, pasando dun estado a outro con esa mesma sutil lixeireza que caracteriza o cinema de Acuña. Un relato que parece mínimo e obsesivo no insistente intimismo co que retrata unha relación en tensión permanente, pero cuxo uso da música e unha poética visual rigorosa o converten nun expoñente dunha concentración emocional case única. Acuña revela que o seu universo persoal está en continua expansión.

SOA A TROMPETA, AGORA VEXO OUTRA CARA [13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Oliver Laxe**
Guión **Oliver Laxe**
Produción **Oliver Laxe**
Montaxe **Oliver Laxe**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2007**
Formato **Curtametraxe**
Xénero **Etnografía**
Modalidade **Documental**
Duración **10 min**

SINOPSE

Unha mirada occidental sobre o mundo árabe. Visións recorrentes da historia da arte mais novas relacións contemporáneas de cruzamentos de culturas. Caras e rostros de Marrocos que evocan imaxes e territorios. Outros mundos. Outras culturas...

Bill Pullman (Sam Hallaway), Julia Ormond (Elizabeth Anderson), Ryan Simpkins (Stephanie), Pell James (Bobbi), French Stewart (Oficial Jim Conrad), Kent Harper (Jack Bennett.) Cheri Oteri (Nai), Michael Ironside (Capitán Billings)

SURVEILLANCE [7/12/15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jennifer Lynch**
Guión **Jennifer Lynch e Kent Harper**
Produción **Marco Mehlitz**
Música **Todd Bryanton**
Fotografía **Peter Wunstorf**
Montaxe **Daryl K. Davis**
Deseño da produción **Sara McCudden**
Vestiario **Cathy McComb e Sonja Clifton**

DATOS TÉCNICOS

Países **USA, Alemaña e Canadá**
Ano **2008**
Duración **98 min**
Xénero **Suspense, terror**

SINOPSE

Un lugar perdido no medio do deserto. Dous axentes do FBI chegan á comisaria para lle tomar declaración a unha moza drogadicta, un policía e mais unha meniña sobre unha carnizaría que aconteceu na estrada. Todo parece indicar que un grupo de asasinos son os responsables do macabro suceso, pero as diferentes versións non coinciden totalmente coa realidade.



Espen Klouman-Høiner, Anders Danielsen Lie, Viktoria Winge Henrik Elvestad, Christian Rubeck, Odd Magnus Williamson, Rebekka Karijord, Henrik Mestad, Pål Stokka

REPRISE [6/9/12]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Joachim Trier**
Guión **Joachim Trier e Eskil Vogt**
Música **Ola Fløttum e Knut Schreiner**
Fotografía **Jakob Ihre**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Reprise**
País **Noruega**
Ano **2006**
Duración **105 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Erik e Phillip intentan saír adiante como escritores. A Erik rexéitano as editoriais pola suposta falta de talento, pero o manuscrito de Phillip é aceptado e, case dun día para outro, o mozo faise un oco entre os grandes da escena cultural norueguesa. Seis meses despois, Erik e mais os seus amigos visitan o hospital psiquiátrico no que Phillip está internado para levalo de volta á casa, despois de que o someteran a un longo tratamento. Volver escribir é o último que Phillip ten na cabeza, pero Erik, que non cesou nos seus intentos literarios, tratará de convencer o seu amigo para que retome a afección.

Carmen Machi, Jan Budar, Pep Ricart, Nadia de Santiago

LA MUJER SIN PIANO [5/6/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Javier Rebollo**
Guión **Javier Rebollo e Lola Mayo**
Fotografía **Santiago Racaj**
Montaxe **Ángel Hernández Zoido**

DATOS TÉCNICOS

Países **España, Francia**
Duración **95 min**
Ano **2009**

SINOPSE

La mujer sin piano é o retrato dunha ama de casa calquera a comezos do século XXI en Madrid. A protagonista é unha muller casada para a que non hai nada comparable á íntima satisfacción de ver o prato fumegante servido con admirable puntualidade á hora da comida. A película conta vinte e catro horas da súa vida doméstica, laboral e sexual, unha vida da que unha noite decide escapar, e conta todo o que lle pasa nesta fuga que dura o que dura a noite. Quizais alguén diga que esta é unha película sobre a alienación e mais a escravitude dunha ama de casa, pero en realidade é a historia dunha muller que, entrando na menopausa, sen amizades, nin relacións sociais, que viviu toda a vida entregada á familia, que non se ve bonita, nin lle gusta o seu pelo, se deixa arrastrar pola noite.

Manuel Martínez, Marieta Orozco, Ferrán Lahoz, Lourdes Barba, Morgan Blasco, Núria Casas, Martha Carbonell, Carla Gordillo

ESTIGMAS [23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Adán Aliaga**
Guión **Adán Aliaga**
Fotografía **Pere Pueyo, en cor**
Montaxe **Aurora Sulli**
Música **Vincent Barrière**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2009**
Duración **100 min**

SINOPSE

Estigmas é a historia de Bruno, un home rudo, forte e adicto ao alcohol. Bruno só intenta ser unha persoa normal, pero o seu destino xa está escrito. Un día esperta e as súas mans empezan a sangrar, e isto dá inicio a unha viaxe de redención a través do sufrimento, a dor e mais a morte. A partir de agora terá que convivir cos seus novos estigmas...

Vincent Lacoste, Alice Tremolières, Noémie Lvovsky, Irène Jacob, Emmanuelle Devos, Julie Scheibling, Camille Andreys, Robin Duverger, Baptiste Huet

LES BEAUX GOSSES [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Riad Sattouf**
Guión **Riad Sattouf e Marc Syrigas**
Fotografía **Dominique Colin**
Montaxe **Virginie Bruant**
Escenografía **Marie Cheminal**
Música **Riad Sattouf e Flairs**
Produción **Anne-Dominique Toussaint**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Les Beaux Gosses**
País **Francia**
Ano **2008**
Xénero **Ficción**
Duración **90 min**

SINOPSE

Hervé é un rapaz normal de 14 anos. Desbordado polas paixóns, non moi agraciado fisicamente e un tanto malicioso, Hervé vive só coa nai. No colexio non lle vai mal, grazas aos amigos. Pero o que realmente desexa é saír cunha moza, algo que se lle resiste. Un día sen saber moi ben por que, Aurore, unha das mozas máis guapas da clase, fíxase nel. A pesar dos intentos da rapaza, Hervé, que non é moi espelido para estas cousas, non se dá por aludido. Cando por fin se decata de todo, Aurore rexéitao. Pero despois, sen avisar, a moza lánzase nos seus brazos. Por fin sae cunha rapaza! O seu mellor amigo Camel, un afeccionado á masturbación e ás películas X, convénceo para que intente deitarse con Aurore. Hervé fachendea da súa virilidade diante do seu amigo, pero cando está diante da noiva... as cousas cambian.

BEYOND IPANEMA [19/23/24]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Guto Barra**

DATOS TÉCNICOS

Países **Brasil, USA**
Ano **2009**
Duración **87 min**

SINOPSE

Brasil como forza viva de dominación musical mundial. As ondas da súa influencia (bossa nova e funk carioca, samba e tropicália, Os Mutantes e CSS) bañan todas as costas imaxinables, de David Byrne a MIA.

Tolepbergen Baisakalov, Odas Besikbasov, Samal Esljamova, Askhat Kuchencherekov, Bereke Turganbayev

TULPAN [4/5/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Sergei Dvortsevoy**
Guión **Sergei Dvortsevoy e Gennadi Ostrovsky** Fotografía **Jolanta Dylewska**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Tulpan**
País **Kazakstán** Ano **2008**
Duración **100 min**
Xénero **Comedia**
Produtora **Coprodución Kazakstán, Rusia, Polonia, Alemaña, Suíza; Pallas Film**

PREMIOS

Ano **2008**
Cannes: **Premio «Un Certain Regard».**
Festival de Zürich: Mellor película.
Festival de Gijón: Mellor director

SINOPSE

Tras rematar o servizo militar na armada, Asa dispónse a regresar ao seu lugar de nacemento na agreste estepa de Kazakstán. Alí viven a súa irmá maior, e mais o marido desta, dedicados á única ocupación posible naquel lugar; os rabaños de ovellas. Deles aprende que se se quere dedicar ao gando, e ter a súa propia gandaría, vai ter que atopar unha muller. O problema é que as mozas solteiras non abundan na zona. Tulpan, a filla doutra familia de pastores, parece que é a única candidata posible, pero ela ten outros plans. Quere abandonar o campo para poder estudar e atopa a escusa perfecta para rexeitar a Asa ante os seus pais: ten as orellas moi grandes. De calquera xeito, Asa non se vai render tan facilmente e coa colaboración do seu amigo Boni esforzarase en lle demostrar a todo o mundo que pode ser un bo pastor e un pretendente adecuado para Tulpan.

SOUL POWER [10/11/13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jeffrey Levy-Hinte**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2008**
Duración **92 min**

SINOPSE

A cúspide do Black Power. When we were kings explorou o combate entre Muhammad Ali e Foreman de 1974, e aquí documéntase Zaire 74, o festival previo. James Brown, Miriam Makeba e B.B. King e máis, todos negros e orgullosos.

María Luz Albero Calvo, Francesc Miñarro Bermejo, Luis Miñarro, Francesc Herrero

FAMILYSTRIP [17]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Luis Miñarro**
Guión **Luis Miñarro**
Fotografía **Pablo García Pérez de Lara e Christopher Farnarier**
Montaxe **Sergi Dies**
Produción **Luis Miñarro**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Familystrip**
País **España**
Ano **2009**
Xénero **Ficción**

SINOPSE

Un filme improvisado, inicialmente destinado a ser un regalo familiar, convértese de forma inesperada na crónica dunha xeración que desaparece. Transmite de forma oral as resonancias da España marcada polo catolicismo e a Guerra Civil. Unha obra discreta, sinxela e chea de escintileos de vida.

Daniel Fanego (Martín), Arturo Goetz (Raúl), Leonor Manso (Andrea) Maria Fiorentino (Vicky), Juana Hidalgo (Luisa), Bárbara Lennie (Silvia), Nazareno Casero (Pablo)

LOS CONDENADOS [9/10/13/14]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Isaki Lacuesta**
Guión **Isaki Lacuesta e Isabel Campo**
Produción **Xavier Atance**
Música **Gerard Gil**
Fotografía **Diego Dussuel**
Montaxe **Domi Parra**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Ano **2009**
Duración **104 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Dous ex-guerrilleiros reencóntranse 30 anos máis tarde nunha escavación ilegal, onde buscarán o corpo dun terceiro compañeiro desaparecido por aquel entón. A tensión e mais os segredos escondidos durante ese tempo aflorarán a medida que se acheguen á impredicible solución final, onde non todo será o que parecía.

Isabelle Carré, Louis-Ronan Choisy, Pierre Louis-Calixte, Melvil Poupaud, Claire Vernet

LE REFUGE [15/18/20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **François Ozon**
Guión **François Ozon e Mathieu Hippeau**
Fotografía **Mathias Raaflaub**
Montaxe **Muriel Breton**
Música **Louis-Ronan Choisy**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Ano **2009**
Duración **90 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Mousse e Louis son novos, fermosos, ricos e están namorados. Pero as drogas invaden a súa vida. Un día Louis morre por mor dunha sobredose. Mousse sobrevive, pero axiña se decata de que está embarazada. Atordada, Mousse foxe a unha casa lonxe de París. Uns meses máis tarde, o irmán de Louis reúnese con ela no seu refuxio.

Robert De Niro (Ben), Catherine Keener (Lou), Kristen Stewart (Zoë), Stanley Tucci (Scott Solomon), John Turturro (Dick Bell), Michael Wincott (Jeremy), Robin Wright Penn (Kelly), Sean Penn, Bruce Willis

WHAT JUST HAPPENED? [8/9/12]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Barry Levinson**
Guión **Art Linson;** baseado no seu libro *What just happened? Bitter Hollywood tales fron line*
Produción **Mark Cuban, Robert De Niro, Art Linson e Jane Rosenthal**
Música **Marcelo Zarvos**
Fotografía **Stéphane Fontaine**
Montaxe **Hank Corwin**
Deseño da produción **Stefania Cella**
Vestiario **Donna Maloney**

DATOS TÉCNICOS

País **USA** Ano **2008** Duración **106 min**
Xénero **Comedia dramática**

SINOPSE

What just happened? é unha comedia negra que narra dúas semanas na vida dun produtor de Hollywood interpretado por Robert De Niro. Durante este tempo o protagonista entrará nunha montaña rusa na que terá que facer xogos malabares para solucionar os máis improbables problemas tanto no seu traballo diario coma na súa vida persoal.

Lee Eun-shim, Ju Jeung-nyeo, Kim Jin Kyu

THE HOUSEMAID [7/10/11]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Kim Ki-young**
Guión **Kim Ki-Young**
Fotografía **Kim Deok-Jin**
Montaxe **Kim Ki-Young**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **The Housemaid**
País **Corea do Sur**
Ano **1960**
Duración **110 min**
Formato **Vídeo: Digibeta | B&N**

SINOPSE

«Que este filme intenso, mesmo apaixonadamente claustrofóbico, sexa coñecido en Occidente só polos cinéfilos máis devotos é un dos grandes accidentes da historia do cinema», di Martin Scorsese, que tamén sitúa a *The Housemaid* entre as tres mellores películas da historia. Meu dito meu feito, o World Cinema Fund comandado polo director de *Taxi Driver* asistiu ao Korean Film Archive na complicada restauración dixital desta obra fundamental do cinema coreano, cuxo negativo orixinal se atopou en 1982 (pero sen dous dos rolos). Case cincuenta anos, entón, houbo que esperar para descubrir *The Housemaid,* un melodrama moderno, obsesivo, impredicible acerca dun músico que sucumbe aos encantos da súa criada, só para descubrir o trastornada que está e descender en espiral ao inferno, arrastrando a súa esposa na caída. Movéndose en zigzag entre o *noir* e o terror, logrando algunhas proezas de iluminación e un notable uso pop dos obxectos cotiáns, Kim prefigurou *Atracción fatal* a piques de volvela innecesaria, e fíxolle exclamar ao crítico Jean-Michel Frodon: «Así que Luis Buñuel tiña un irmán coreano!»

MADNESS: THE LIBERTY OF NORTON FOLGATE [22/23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Julien Temple**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido**
Ano **2009**
Duración **64 min**

SINOPSE

Un espectáculo de 2008 que é un canto de amor a Londres. Norton Folgate (unha zona da cidade independente ata 1900) serviulles de trampolín aos magos do *ska-pop* para edificar unha historia chea de truáns, pillabáns vitorianos e vividores. Circo, teatro, pop sublime e, en fronte, a cámara viva de Julien Temple.

Michel Subor, Grégoire Colin, Beatrice Dalle

L'INTRUS [20/21/23]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Claire Denis**
Guión **Claire Denis, Jean-Pol Fargeau e Jean-Luc Nancy**
Fotografía **Agnès Godard**
Montaxe **Nelly Quettier**
Produción **Humbert Balsan e Jean-Marie Gindraux**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **L'Intrus**
País **Francia** Ano **2004**
Duración **130 min**
Formato **Cor**

SINOPSE

Claire Denis desenvolveu unha das carreiras máis valentes do cinema moderno, sempre comezando onde a maioría dos directores rematan e saíndo airosa do seu paso por territorios inexplorados. Con *L'intrus*, intérnase nun territorio que non só non foi explorado senón que, ata agora, era completamente descoñecido. Inspirada na breve reflexión autobiográfica do filósofo Jean-Luc Nancy sobre o seu transplante de corazón e construíndo o filme arredor da elocuentemente triste presenza de Michel Subor. Denis non só conta a historia do Louis que interpreta Subor, senón que a sente, e atravesa a coiteladas os seus contornos ata que chega ao núcleo. Esta é unha película sobre a morriña no nivel máis profundo que se poida imaxinar, por un fillo do outro lado do mundo e por unha vida que sempre está noutra parte. Mentres segue a Louis desde os Alpes franceses ata Xenebra, Pusán e a Polinesia na procura do fillo que medrou sen el, Denis mantén un equilibrio extremadamente delicado, senón precario, entre a presenza e a ausencia: a presenza certeira do mundo físico, de montañas, lagos, bosques, praias e océanos; e a ausencia de *completude,* sensación que, para Louis, sempre estará a un continente de distancia. Fotografada, coma sempre, pola grande Agnès Godard. Os *flashbacks* foron tomados da inconclusa adaptación de *A illa da aventura* de Stevenson que realizou Paul Gégauff en 1961.

THE AGONY AND THE ECSTASY OF PHIL SPECTOR [14/15/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Vikram Jayanti**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido**
Ano **2008**
Duración **104 min**

SINOPSE

O gran produtor de pop dos anos 60, rei Midas para as Ronettes e Lennon, foi acusado do asasinato de Lana Clarkson. O filme mestura a historia e unha fascinante conversación cun Spector capilarmente mutante, onde o arrepiante xuízo só é o metrónomo dunha vida única.

Marlon Brando, Eva Marie Saint, Karl Malden, Lee J. Cobb, Rod Steiger, Pat Henning, Leif Erickson, James Westerfield, Tony Galento

ON THE WATERFRONT [A LEI DO SILENCIO] [28/29]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Elia Kazan**
Guión **Budd Schulberg**
Produción **Sam Spiegel**
Música **Leonard Bernstein**
Fotografía **Boris Kaufman**
Montaxe **Gene Milford**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **On the Waterfront**
País **Estados Unidos**
Ano **1954**
Xénero **Drama**
Duración **108 min**

SINOPSE

Nos peiraos do porto de Nova York, o sindicato de estibadores está controlado polo corrupto avogado Johnny Friendly e o dirixente sindical Charley Malloy. O irmán de Charley Malloy, Terry Malloy, un boxeador e traballador portuario, é testemuña do crime de Pop Doyle, un empregado que se rebelou contra o sindicato e pensaba denunciar as actividades ilegais do mesmo, crime cometido por dous matóns de Johnny Friendly. A irmá do asasinado, Edie Doyle, pídelle axuda para atopar os asasinos do seu irmán. Terry enfróntase a un caso de cargo de conciencia e acode ao cura da súa parroquia o padre Barry. Este fórzao a que confese ante as autoridades para rematar coa corrupción e os crimes nos peiraos.



Julie Sokolowski, David Dewaele, Yassine Salim, Karl Sarafidis

HADEWIJCH [28/29]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Bruno Dumont**
Guión **Bruno Dumont**
Produción **Rachid Bouchareb e Muriel Merlin**
Fotografía **Yves Cape**
Montaxe **Guy Lecorne**
Deseño da produción **Jean-Marc Tran**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Ano **2009**
Duración **100 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Abafada pola fe cega e mais o fervor da novicia Hadewijch, a madre superiora expúlsaa do convento. Hadewijch volve ser Céline, de 20 anos, filla dun diplomático. O seu apaixonado amor por Deus, a rabia interior e mais o encontro con Yassine e Nassir condúcena por camiños perigosos.

ROMAN POLANSKI: WANTED AND DESIRED [ROMAN POLANSKI: BÚSCASE] [13/14/16/19]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Marina Zenovich**
Guión **Joe Bini, Marina Zenovich e Peter G. Morgan**
Produción **Jeffrey Levy-Hinte, Lila Yacoub e Marina Zenovich**
Produtor executivo **Steven Soderbergh**
Música **Mark Degli Antoni**
Fotografía **Tanja Koop**
Montaxe **Joe Bini**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Roman Polanski: Wanted and desired** Produtor executivo **Steven Soderbergh** País **USA**
Ano **2007** Duración **99 min**
Xénero **Documental**

SINOPSE

En 1977, Roman Polanski foi arrestado en Los Ángeles acusado da violación dunha nena de 13 anos, que estaba fotografando para Vogue, despois de drogala. Once meses despois, e despois de se declarar culpable, foxe a Europa antes de que a sentenza sexa firme. Este documental examina todo ese período dun ano, usando tanto imaxes do momento coma novas declaracións dos avogados, da vítima e mais dos amigos e colaboradores de Polanski.

Philip Seymour Hoffman (Caden Cotard), Samantha Morton (Hazel), Michelle Williams (Claire Keen), Catherine Keener (Adele Lack), Emily Watson (Tammy), Dianne Wiest (Ellen Bascomb), Jennifer Jason Leigh (María), Hope Davis (Madeleine Gravis)

SYNECDOCHE, NEW YORK [12/14/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Charlie Kaufman**
Guión **Charlie Kaufman**
Produción **Anthony Bregman, Spike Jonze, Charlie Kaufman e Sidney Kimmel**
Música **John Brion**
Fotografía **Fred Elmes**
Montaxe **Robert Frazen**
Deseño da produción **Mark Friedberg**
Vestiario **Melissa Toth**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2008**
Xénero **Comedia dramática**
Duración **124 min**

SINOPSE

Caden Cotard (Philip Seymour Hoffman), un director de teatro, está en plena crise en case todos os aspectos da súa vida: a súa muller marchou para Berlín coa súa filla e a posibilidade dunha relación cunha nova muller esvaeceuse antes de empezar. Entón Cotard decide pór en escena o seu día a día con actores que encarnan tanto a el coma os seus achegados.

Enric Marco, Pau Lanao, Carme Vinyoles

ICH BIN ENRIC MARCO [11/12/15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Santiago Fillol e Lucas Vermal**
Guión **Santiago Fillol e Lucas Vermal**
Fotografía **Marc Gómez del Moral**
Montaxe **Cristóbal Fernández e Sergi Díez**

DATOS TÉCNICOS

País **España**
Duración **90 min**
Ano **2009**
Xénero **Documental**

SINOPSE

O ex-presidente da principal asociación española de deportados, Enric Marco, emprende unha viaxe desmitificadora cara ao seu pasado, unha viaxe en coche a Alemaña. Dous anos antes, un historiador demostrou que Enric Marco non era o resistente que dicía ser e que as experiencias do campo de concentración relatadas durante anos na televisión eran inventadas. Agora, Marco percorre o mesmo traxecto que fixo en tren en 1941 a bordo dun convoi de traballadores enviados por Franco a Hitler, en plena Guerra Mundial. Esa viaxe, que o debe conducir ao penal de Kiel, onde pasou un ano acusado de actividades de propaganda comunista, antes de ser absolto e regresar a España, crúzase en varios puntos coa viaxe imaxinaria que tantas veces contou: a súa viaxe desde a resistencia francesa aos campos de concentración en trens de gando, o mesmo destino que sufriron milleiros de republicanos españois exiliados tras a Guerra Civil.

ONE FAST MOVE OR I'M GONE: KEROUAC'S BIG SUR [6/8/10]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Curt Worden**

DATOS TÉCNICOS

País **USA**
Ano **2009**
Duración **98 min**

SINOPSE

A historia dunha novela e mais dun exorcismo. En 1960, Jack Kerouac, autor de *No camiño*, decide afastarse do alcohol e da celebridade e esconderse no monte. Compañeiros de viaxe e herdeiros do *feeling* (Sam Shepard, Patti Smith, Tom Waits) revisitan Big Sur. Jay Farrar (Son Volt) e Benjamin Gibbard (Death Cab for Cutie) tocan as notas.

Riccardo Scamarcio (Elías), Ulrich Tukur (Nick Nickelby), Juliane Köhler (Christina), Eric Caravaca (Jack), Constatinos Markoulakis (Yvan), Antoine Monot (Karl), Jean-Christophe Folly, Anny Duperey, Ieroklis Mihailidis, Annie Loulou, Dina Mihailidou, Florian Martens, Murali Perumal

EDEN À L'OUEST [22/23/24]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Costa-Gavras**
Guión **Costa-Gavras e Jean-Claude Grumberg**
Produción **Michelle Ray-Gavras, Jérôme Seydoux e Manos Krezias**
Música **Armand Amar**
Fotografía **Patrick Blossier**
Montaxe **Yannick Kergoat**
Dirección artística **Alexandre Bancel e Konstantinos Papageorgiou**
Vestiario **Mathé Pontanier e Ioulia Stavridou**

DATOS TÉCNICOS

Países **Francia, Grecia e Italia**
Ano **2008**
Duración **111 min**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Todos teñen a súa propia historia. O mendigo que espera unha esmola ten a súa historia. A muller que dorme bébeda no metro ten a súa historia. O home que, como Charlie Chaplin, sae correndo en canto ve o uniforme da policía, tamén ten a súa historia. Coma na *Ilíada,* as aventuras dos nosos catro heroes sen lenda comezan no mar Exeo. No mesmo mar e baixo o mesmo ceo e sol que viron o nacemento da civilización.

Noë Sampy, Arielle Moutel, Marilyne Canto, Hippolyte Girardot, Tsuyu Shimizu

YUKI & NINA [18/20/22]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Nobuhiro Suwa e Hippolyte Girardot**
Guión **Nobuhiro Suwa e Hippolyte Girardot**
Fotografía **Josée Deshaies**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Yuki & Nina**
Ano **2009**
Duración **92 min**
País **Francia**
Xénero **Drama**

SINOPSE

Cando Yuki, unha nena francoxaponesa de 9 anos, se decata de que os seus pais se separan, comprende que deberá ir coa súa nai para Xapón. Ademais de se separar do seu pai, este exilio vaina obrigar a deixar a Nina, a súa única amiga. Xuntas intentarán impedir esta separación. Finalmente, fuxir ao bosque parécelles a última saída...

Jean-Claude Bernardet,
Cris Bierrenbach, José Mojica Marins

FILMEFOBIA [25]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Kiko Goifman**
Guión **Kiko Goifman e Hilton Lacerda**
Fotografía **Aloysio Raulino**
Montaxe **Vania Debs**
Produción **Jurandir Müller e Roberto Tibiricá**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Filmefobia**
Ano **2008**
País **Brasil**
Duración **80 min**
Formato **35 mm | Cor**

SINOPSE

A primeira película de ficción do brasileiro Kiko Goifman (do que se viron no *Bafici Atos dos homens* e *Handerson e as horas*) tamén é un filme-ensaio de varias capas, deses que permanecen na memoria e na intelixencia despois de ser gozados con risos, noxos e mesmo sustos. Trata sobre un «documental» que fai Jean-Claude (Bernardet, un dos principais especialistas en cinema de Brasil) enfrontando á xente coas súas fobias (sexuais, ás ratas, ás arañas... tamén aos botóns, botóns!, e a moitas outras cousas). Para iso se deseñan os máis estraños e admirables adminículos mecánicos, dignos dalgún relato sobre algún inventor chalado xenial e recluído, que de seu xa xustifican unha película (ou dúas). Pero ademais hai unha posta en abismo da moral e a verdade das imaxes, do seu poder e dos medos. E non imos adiantar máis porque *Filmefobia* é un filme que merece espectadores sorprendidos.



Umbra Colombo, Diego Benedetto,
Gaby Lerner, Lisandro Rodríguez

LA INVENCIÓN DE LA CARNE [28/30/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Santiago Loza**
Guión **Santiago Loza**
Fotografía **Guillermo Saposnik**
Montaxe **Lorena Moriconi**
Música **Christian Basso**

DATOS TÉCNICOS

País **Arxentina**
Duración **80 min**

SINOPSE

Unha muller traballa entregando o seu corpo a prácticas para estudantes de Medicina. Un dos mozos obsesiónase con ela. Séguea, búscaa. Coñécense. Descóbrense. Xuntos emprenden unha longa viaxe cara a un lugar descoñecido. A invención da carne é a descrición da relación estraña entre estes personaxes. Lugares remotos. Os sons mínimos, os xestos, o misterio. Un camiño que xorde nos límites. Os traxectos e mais a súa fatiga.

É un documental con funcionarios e acusados do sistema xudicial colombiano

BAGATELA [12/13/18]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Jorge Caballero**
Guión **Jorge Caballero e Miguel León Durán**
Fotografía **Christian Bitar**
Montaxe **Carlos M. Gómez Q. e Jorge Caballero**
Produción **Jorge Caballero e Gustavo León**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Bagatela**
Ano **2008**
Países **Colombia-España**
Duración **74 min**
Formato **Vídeo: Digibeta | Cor**

SINOPSE

A lei. O sistema xudicial. Os detidos. Jorge Caballero Ramos métese na cotidianeidade da xustiza de Bogotá. Os grandes delitos, os detidos ricos, os peixes gordos? Non, aquí vemos como é o proceso dos delitos pequenos: o roubo dun celular, o roubo de cables, a venta de CD piratas... Vemos a clase máis baixa da delincuencia, xente que mesmo é difícil situar nesa categoría; algúns deles tan só son buscavidas, desesperados, pobres sen voltas, infractores menos perigosos ca quen non respecta un semáforo. Con todo, polas leis vixentes, son castigados cunha dureza sorprendente. En *Bagatela* sobre todo asistimos ás diferentes charlas dos detidos cos avogados, á exposición dos seus casos e ao despregamento das súas posibilidades. E tamén a algunha resolución do xuíz. Pero, sobre todo, asistimos a unha realidade sintomática construída mediante unha narrativa límpida e unha observación tan minuciosa coma respectuosa e distanciada.

Eduard Fernández, Thaïs Blume, Emilio Gutiérrez Caba, José Coronado, Héctor Colomé, Mary Carmen Ramírez, Carla Sánchez, Empar Ferrer

LUNA CALIENTE [12/14/15]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Vicente Aranda**
Guión **Vicente Aranda**
(novela: **Mempo Giardinelli**)
Música **José Nieto**
Fotografía **Joaquín Manchado**
Montaxe **Teresa Font**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Luna caliente**
Ano **2009**
País **España**
Xénero **Suspense, drama**

SINOPSE

O protagonista é un poeta (Sbaraglia) autoexiliado da España franquista que regresa a Burgos, coincidindo co famoso proceso aos membros de ETA en 1970, para visitar un opositor político e acaba perdidamente namorado da súa filla (Ana de Armas). Adaptación libre da novela do arxentino Mempo Giardinelli.

Nishijima Takahiro, Mitsushima Hikari, Ando Sakura, Watanabe Makiko, Watabe Atsuro

AI NO MUKIDASHI [LOVE EXPOSURE] [23/28]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Sono Sion**
Guión **Sion Sono**
Fotografía **Souhei Tanigawa**
Montaxe **Ito Junichi**
Produción **Yutaka Morohashi**

DATOS TÉCNICOS

País **Xapón** Duración **237 min**

SINOPSE

O mozo Yu (Nishijima Takahiro) medrou no seo dunha familia católica. Vive co seu pai, que despois de enviuvar se fixo sacerdote pero enfronta as tentacións do mundo terreal. El mesmo empeza a desenvolver un hobby secreto: deambular pola cidade na procura de mozas fermosas e roubarlles fotos das súas entrepernas (en Xapón verán *Paixón de sábado?*). No medio de semellante festival do contrapicado coñece a Yoko (Mitsushima Hikari), unha moza karateka que o engaiola... pero é a filla dunha íntima amiga do seu pai. De pronto un estraño culto relixioso interfire nas súas vidas e afasta a Yu dos seus... E isto é só o comezo do último capricho do director de *Suicide Club*, un magnum opus de catro horas de duración! que salta dun xénero para outro nun éxtase bulímico e demoledor. Herexía, sangue a chorros, lesbianismo, espadas samurai... Que máis se pode pedir? Ah, si: di Sono que «o máis importante é o amor».

AS CHEMINEAS DECIDIRON ESCAPAR [13]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Oliver Laxe**
Guión **Oliver Laxe**
Produción **Oliver Laxe**
Fotografía **Oliver Laxe**
Montaxe **Oliver Laxe**

DATOS TÉCNICOS

Ano **2006**
Formato **Curtametraxe**
Xénero **Experimental**
Modalidade **Documental**
Duración **10 min**

SINOPSE

Moderada «sinfonía da cidade» de principios do século XXI sobre a cidade de Londres desde a periferia ao centro. Filme catártico e sombrío coma o rumbo da sociedade moderna...

Tobias Moretti (Casanova), Ennio Fantastichini (Salieri), Lorenzo Balducci (Lorenzo da Ponte), Francesco Barilli (Sacerdote), Elena Cucci (Francesca Barbarigo), Roberto Accornero (Emperador Xosé II), Sylvia De Fanti (Tipoletta), Emilia Verginelli (Annetta), Lino Guanciale (Mozart), Ketevan Kemoklidze (Adriana Ferrarese), Alessandra Marianelli (Zerlina), Cristina Giannelli (Caterina Cavalieri)

IO, DON GIOVANNI [14/15/16]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Carlos Saura**
Guión **Carlos Saura, Raffaello Uboldi e Alessandro Vallini**
Produción **Andrés Vicente Gómez e Igor Uboldi**
Fotografía **Vittorio Storaro**
Música **Nicola Tescari**
Montaxe **Julia Juaniz**
Deseño do vestiario **Birgit Hutter**

DATOS TÉCNICOS

Países **Italia, España**
Ano **2009**
Duración **127 min**

SINOPSE

Conta a vida de Lorenzo da Ponte, amigo de Giacomo Casanova en Venecia e letrista de Wolfgang Amadeus Mozart (nas Vodas de Fígaro e Don Giovani), co que traballou na capital austríaca tras ser desterrado «por mor da súa vida licenciosa e ateigada de excesos».

Óscar Génova, Nehuén Zapata, Marisa Pájaro, Javier De La Vega, Olga Perezgel

VIL ROMANCE [23/26]

FICHA TÉCNICA

Dirección **José Campusano**
Guión **José Campusano**
Fotografía **Leonardo Padin**

DATOS TÉCNICOS

País **Arxentina**
Ano **2008**

SINOPSE

Roberto vive nos arrabaldes bonaerenses. É un mozo homosexual sen ocupación coñecida, cuxa nai e irmá actúan como se as relacións sexuais promiscuas fosen algo absolutamente normal. Un día, Roberto coñece nunha estación de trens próxima a Raúl, un home moito maior ca el, que está separado e ten unha filla, pero que claramente prefire as compañías masculinas. Axiña se saberá que é un experimentado vendedor de armas. O seu aspecto é estraño para a súa idade, ten o pelo longo e usa uns grandes e rechamantes aneis. Invita a Roberto á súa casa e relaciónase con el dun xeito violento...

Eva Birthistle (Elaine), Stephen Campbell Moore (Jonah), Jeremy Sheffield (Robbie), Rachel Shelley (Chloe), Hannah Tointon (Casey), Jake Hathaway (Nicky)

THE CHILDREN [5/7]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Tom Shankland**
Guión **Tom Shankland**; baseado nun argumento de **Paul Andrew Williams**
Produción **Allan Niblo e James Richardson**
Música **Stephen Hilton**
Fotografía **Nanu Segal**
Montaxe **Tim Murrell**
Deseño da produción **Suzie Davies**
Vestiario **Andrew Cox**

DATOS TÉCNICOS

País **Reino Unido** Ano **2008**
Duración **84 min** Xénero **Terror**

SINOPSE

Dúas parellas, catro nenos e unha lolita a piques de despuntar, que tiveron a mala de idea de pasar a fin de ano nunha casa illada nas montañas. Os meniños, xa se sabe, píllano todo, e o que van pillar estes querubíns é un virus misterioso que vai transformar o cariñoso apelativo de «pequenos demos» nunha sanguinolenta realidade.

David Strathairn, Dina Korzun, Emily Watson, Katheryn Winnick, Lauren Ambrose, Paul Giamatti

COLD SOULS [24/26/28/30/1D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Sophie Barthes**
Guión **Sophie Barthes**
Música **Dickon Hinchliffe**
Fotografía **Andrij Parekh**
Montaxe **Andrew Mondshein**

DATOS TÉCNICOS

Título orixinal **Cold Souls**
Países **Estados Unidos e Francia**
Xénero **Ciencia ficción, comedia dramática**
Duración **101 min**
Ano **2009**

SINOPSE

Desde *Como ser John Malkovich* na escena *indie* non se daba algo así: un actor coñecido que se presta a interpretarse a si mesmo. O protagonista en cuestión é Paul Giamatti. Bloqueado para interpretar *Tío Vania*, de Anton Chéjov, Giamatti recorre a unha nova tecnoloxía que permite subtraer a alma da persoa e gardala nun frasco para poder vivir de maneira máis lixeira e sen angustias.

Vincent Lindon, Firat Ayverdi, Audrey Dana

WELCOME [30/1D/2D]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Philippe Lioret**
Guión **Philippe Lioret, Emmanuele Courcol e Olivier Adam**

DATOS TÉCNICOS

País **Francia**
Idioma orixinal **Francés**
Duración **110 min**
Ano **2009**

SINOPSE

Bial, un mozo de 17 anos que procede do curdistán iraniano, cruzou Oriente Próximo e Europa para se reunir coa súa noiva que acaba de emigrar a Inglaterra. Pero o seu percorrido detense bruscamente cando, no lado francés, lle impiden que cruce o canal da Mancha. Decide pasar o canal a nado. Para cumprir o obxectivo, empeza a adestrar na piscina municipal. Alí coñece a Simon, un profesor de natación en pleno proceso de divorcio. Simon está disposto a facer o que sexa para recuperar a súa muller e arríscao todo ofrecéndolle protección a Bilal...

Nerea Barros, Antía Otero, Xavi Deive, Moncho Bazarra, Carlos Villa, Tonhito de Poi, Mela Casal, Manuel Suárez, Silvia Vázquez, Pablo Fontenla, Manuel Lozano

5 PEZAS DE SETEMBRO [20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi»** Guión **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi»** Produción **Marta Eiriz**
Axte. produción **Olalla Granja**
Fotografía **Alberto Díaz «Bertitxi»**
Axte. cámara **Alberto Palacios**
Montaxe **Laura Miragaya**
Axudante de dirección **Senem Outeiro**
Son **Joaquín Riera e Manuel Suaréz**
Arte **Ramón Bazarra** Maquillaxe **Antía Otero**
Deseños **Marta Eiriz Gallego**

DATOS TÉCNICOS

Formato **Curtametraxe** Xénero **Comedia**
Modalidade **Ficción** Formato gravación **DVC proHD- 1420 x 720 16/9** Duración **19 min**
Idioma gravación / Rodaxe **Galego**
Ano de produción **2009**
Localización **Santiago de Compostela**

SINOPSE

5 momentos da vida na Galiza actual dunha xente que vive a cabalo entre a tradición e a modernidade, con todos os contrastes do mundo tecnolóxico e globalizado que isto implica.

Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi», Marta Larralde, Carlos Villa, Cesar Goldi, Comba Campoy García, Ramón Bazarra

LOS REYES DEL COLUMPIO [20]

FICHA TÉCNICA

Dirección **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi»** Guión **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi» e Tucho Bazarra** Produción **José Manuel Bazarra** Cámara **Santi Liste** Iluminación **Octavio Mas** Deseño da produción **Marta Eiriz Gallego** Montaxe **Xosé Manuel Bazarra Maneiro «Sepi», Gaspar Broullón Pastoriza e Marta Eiriz Gallego** Son **Piti Varela** Axudante de dirección **Xosé Manuel Esperante** Axudante de produción **Laura Iglesias e Roi Carballido Facal**

DATOS TÉCNICOS

